Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre as contratacións realizadas para a cobertura das vacacións do persoal laboral nas residencias de maiores no verán de 2019

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53722 (10/POC-008433)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 4 máis



Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia acerca de que a Fiscalía Anticorrupción implique o expresidente de Indra nun caso de presunto financiamento irregular do Partido Popular, así como as medidas que vai adoptar para despexar dúbidas en canto á actuación desta empresa en Galicia  
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 53728 (10/POC-008434)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre o funcionamento do Punto de encontro familiar de Ourense

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53730 (10/POC-008435)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a atención e o acollemento dos menores estranxeiros non acompañados en Galicia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53732 (10/POC-008436)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre os plans da Xunta de Galicia en canto á rehabilitación de inmobles no concello de Ribadavia a través do programa Rexurbe

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 53734 (10/POC-008437)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a situación da antiga casa reitoral de Pazos de Arenteiro, en Boborás

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 53738 (10/POC-008438)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia das taxas de sobrepeso e obesidade e da aplicación do Plan Xermola, así como as medidas que vai adoptar para reducilas e promover un estilo de vida saudable a través da escola

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53740 (10/POC-008439)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da construción de novos centros de saúde nos barrios do Vinteún e Mariñamansa, en Ourense

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 53742 (10/POC-008440)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a ampliación do funcionamento ás vinte e catro horas do Servizo de Hemodinámica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53745 (10/POC-008441)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Novo Fariña, María Isabel e 6 máis

Sobre as previsións e os resultados do procedemento de centralización dos procesos selectivos nos corpos de policía local de Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 53747 (10/POC-008442)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a falta de cobertura das prazas vacantes por xubilación na Estación Experimental de Viticultura e Enoloxía de Galicia, as previsións ao respecto e a alternativa mentres non se cobren estes postos

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 53749 (10/POC-008443)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego da necesidade dunha lei específica de protección á infancia, as previsións respecto ao seu impulso e á posta en marcha da Estratexia Galega de Infancia e Adolescencia, así como as razóns do atraso na entrada en funcionamento do Observatorio Galego da Familia e a Infancia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53751 (10/POC-008444)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre os motivos, valoración e medidas a adoptar para evitar o suposto incumprimento da ratio de alumnado en educación infantil no CEIP Padre Feijoo de Allariz, en Ourense

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 53753 (10/POC-008445)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre os motivos da redución ata un só médico do número de prazas no Centro de Saúde de Rubiá, en Ourense; a valoración do impacto na asistencia sanitaria e as previsións respecto do restablecemento do número de facultativos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 53755 (10/POC-008446)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración por parte do Goberno galego da suficiencia do número de traballadores e traballadoras sociais do Sergas para garantir unha atención social de calidade no eido sanitario, e as previsións respecto do seu incremento nesta lexislatura

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53757 (10/POC-008447)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para aumentar o número de prazas nas residencias públicas de maiores de Galicia, así como as sancións impostas dende o ano 2010 por deficiencias na xestión destes centros

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53759 (10/POC-008448)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a xestión e funcionamento, dende o ano 2016, do centro de menores de Monteledo, en Ourense

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53761 (10/POC-008449)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da suficiencia do número de puntos de encontro familiar en Galicia, así como as previsións con respecto ao incremento do seu número, dos medios humanos e materiais cos que contan e do orzamento adicado

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53763 (10/POC-008450)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a declaración do Entroido de Viana do Bolo como de Interese Turístico Nacional

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 53765 (10/POC-008451)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a supresión do Servizo de Cirurxía Pediátrica do Hospital de Ourense en horario de tarde, sábados, domingos e festivos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53767 (10/POC-008452)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis



Sobre a construción, financiamento, localización, xestión e servizos da futura residencia de maiores de Ourense

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53769 (10/POC-008453)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis

Sobre a posta en funcionamento da estación de autobuses de Celanova

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 53771 (10/POC-008454)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a cesión polo Goberno galego dun espazo ao Ateneo de Ourense unha vez que se materialice o traslado da actual biblioteca pública

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 53773 (10/POC-008455)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do estado de illamento no que se atopa a veciñanza de San Vicente de Leira, no concello de Vilamartín de Valdeorras, por causa do corte físico da estrada OU-0807, así como as actuacións levadas a cabo e previstas para solucionar esta situación

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 53775 (10/POC-008456)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a concesión de prestacións económicas na contorna familiar de persoas en situación de dependencia, en Galicia, nos últimos anos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53777 (10/POC-008457)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia acerca do cumprimento dos obxectivos previstos en materia de creación de escolas infantís de 0 a 3 anos en polígonos industriais e parques empresariais, os datos relativos á tramitación das solicitudes de axuda presentadas para ese fin e as medidas previstas ao respecto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53779 (10/POC-008458)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre o cumprimento dos obxectivos previstos na Lei 39/2006, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, o seu financiamento, os datos relativos á súa



aplicación e as medidas previstas para mellorar as prestacións e incrementar o número de beneficiarios

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53781 (10/POC-008459)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre o número de casos de violencia intraxénero detectados en Galicia nos últimos dez anos, as medidas que vai adoptar o Goberno galego durante a X Lexislatura para loitar contra ela, así como a dispoñibilidade por parte dos profesionais dos medios materiais necesarios para a súa detección e actuación

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53784 (10/POC-008460)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as previsións respecto da publicación da convocatoria para a creación das Casas do Maior, os criterios para a elección dos concellos nos que se sitúen, as condicións das vivendas que as acollan, a cualificación do persoal que as atenda e a achega económica da Xunta de Galicia ao servizo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53785 (10/POC-008461)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a execución do Plan sectorial de aparcamentos disuasorios en Ourense e a valoración, por parte do Goberno galego, da suficiencia do actual número de prazas de aparcamento nesta cidade

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 53791 (10/POC-008463)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a execución e repercusión no alumnado do programa Estrela PluriFP, o establecemento de medidas para incrementar a participación dos centros docentes e o cumprimento do obxectivo de acadar os noventa centros plurilingües para o curso 2020

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 53797 (10/POC-008464)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a baixada das solicitudes dos centros educativos para a participación no programa Introducción á robótica educactiva en primaria, as medidas a adoptar para corrixir esta tendencia e as razóns polas que se reduciu o número de centros que poden participar na convocatoria respecto do curso anterior

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 53799 (10/POC-008465)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre a continuación do apoio, por parte do Goberno galego, ao labor de atención aos peregrinos das Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 53801 (10/POC-008466)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e 7 máis

Sobre a formación, a través de actividades de tipo práctico e colaborativo, impartida pola Escola Galega de Administración Pública, durante este ano, de cara a facilitar a transición á administración dixital

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 53804 (10/POC-008467)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre os resultados e conclusións respecto das actuacións desenvoltas pola Unidade de Policía Adscrita en materia de control do cumprimento da normativa sobre consumo de bebidas alcohólicas e sobre venda e consumo de tabaco por menores de idade

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 53808 (10/POC-008468)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos acordos sobre memoria histórica aprobados nos dous últimos debates sobre o estado da Autonomía

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 53809 (10/POC-008469)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre as vantaxes e previsións tras a posta en marcha do Plan de expurgo, ordenación e optimización dos arquivos da Administración de xustiza en Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 53813 (10/POC-008471)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto das consecuencias que tivo para as persoas usuarias a eliminación da gratuidade e universalidade do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal, así como da posibilidade de volver asumir durante a X Lexislatura o custo íntegro do servizo de transporte adaptado

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 53815 (10/POC-008472)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do impacto na calidade da asistencia sanitaria, con especial atención ás gardas das especialidades e ao servizo de hospitalización a domicilio no Hospital Comarcal de Valdeorras, tras a eliminación da Área sanitaria de Valdeorras

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53817 (10/POC-008473)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre o funcionamento e estado de mantemento no que se atopa a residencia de maiores de Trives, as previsións respecto da inspección deste centro e as sancións impostas, dende o ano 2010, por deficiencias na xestión dos centros residenciais

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53819 (10/POC-008474)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as razóns e custos do atraso na apertura do Centro de Saúde do Couto, en Ourense, as previsións para a súa apertura, o remate da urbanización da contorna e as condicións de accesibilidade para as persoas con discapacidade

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53826 (10/POC-008475)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Míguez, María Ángeles e 7 máis

Sobre as previsións respecto da implementación dun plan de formación para o persoal dos centros de información ás mulleres

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53830 (10/POC-008476)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a construción, financiamento, localización, xestión e servizos da futura residencia de maiores de Vigo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53832 (10/POC-008477)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a construción, financiamento, localización, xestión e servizos da futura residencia de maiores de Santiago

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego





- 53834 (10/POC-008478)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a construción, financiamento, localización, xestión e servizos da futura residencia de maiores de Ferrol

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53836 (10/POC-008479)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a construción, financiamento, localización, xestión e servizos da futura residencia de maiores de Pontevedra

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53838 (10/POC-008480)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis

Sobre a construción, financiamento, localización, xestión e servizos da futura residencia de maiores de Lugo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53840 (10/POC-008481)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 6 máis

Sobre a construción, financiamento, localización, xestión e servizos da futura residencia de maiores da Coruña

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53843 (10/POC-008482)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre os motivos polos que a Xunta de Galicia non reivindicou ante o Goberno de España un maior número de prazas MIR nas convocatorias 2012 a 2018 nin aumentou a oferta de prazas de pediatría, a valoración do volume e distribución destas, así como a existencia dunha planificación para os vindeiros anos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53845 (10/POC-008483)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 4 máis

Sobre a vertedura ilegal de entullos e residuos ao mar autorizado pola dirección do Porto de Vilagarcía

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 53847 (10/POC-008484)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis



Sobre os motivos polos que a Xunta de Galicia non asumiu o aprobado polo Parlamento de Galicia en relación coa asunción dos gastos dos implantes cocleares, así como as previsións respecto da adopción de medidas para o seu cumprimento  
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53864 (10/POC-008485)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da institucionalización do Día da Galicia Mártir, as actuacións levadas a cabo para honrar e rehabilitar a figura de Alexandre Bóveda e a valoración acerca da demanda de anulación das sentenzas ditadas pola ditadura franquista por razóns políticas e ideolóxicas

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 53876 (10/POC-008486)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as razóns polas que o Goberno galego non implementou o acordo parlamentario relativo ao financiamento do transporte e recollida dos plásticos de uso agrícola, a xestión destes residuos mentres non se apoiou esta actividade, así como as medidas que se deben adoptar respecto disto  
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.**

O tempo pasa e xa van aló varios anos de asentamento do tártago de patas amarelas entre nós.

Os danos son dificilmente cuantificables na súa totalidade pero facendo unha aproximación na merma de produción de mel, nos estragos na froita e demais cultivos as perdas son enormes.

Así mesmo son dificilmente calculables os danos no medio ambiente, no equilibrio dos nosos ecosistemas e a diminución da polinización debido ós estragos que fai entre os insectos polinizadores, nomeadamente na abellas.

Sábese que hai investigacións en marcha, sábese tamén que nalgunhas delas hai resultados esperanzadores. Sábese tamén das precaucións e discrepancias a respecto do trampeo primaveral, do uso de biocidas, troianos etc.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Que liñas de investigación hai abertas neste momento?
- Que continuidade teñen no tempo?
- Cales e de que xeito están sendo lideradas ou apoiadas polo goberno de Galicia?
- Que logros se acadaron ata o de agora?
- Que medios está poñendo o goberno galego para que vaian adiante estas investigacións?

Santiago de Compostela, 06 de agosto do 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 06/08/2019 10:59:24**

**Xosé Luis Bará Torres na data 06/08/2019 10:59:38**

**María Montserrat Prado Cores na data 06/08/2019 10:59:45**

**Noa Presas Bergantiños na data 06/08/2019 10:59:54**

**Olalla Rodil Fernández na data 06/08/2019 11:00:03**

**Ana Pontón Mondelo na data 06/08/2019 11:00:18**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.**

Xa ninguén dubida da gravidade da praga da nesperiña do castiñeiro tanto pola súa extensión xeográfica coma pola intensidade desta e dos danos que está a ocasionar nos soutos consolidados e nas plantacións que se están a facer de novo.

Hai uns danos menos cuantificables que son os que ocasiona naqueles castiñeiros que sen conformaren soutos, surten de castaña á poboación que aínda queda no rural e que canaliza os excedentes que estes castiros proporcionan e que supoñen un aporte, pequeno si pero que suma a moitos outros que dese xeito complementan os pequenos ingresos de moitas familias do rural actual.

Diante do avance, consolidación e comportamento da praga nos diferentes territorios do País, nas diversas variedades de castiño, e os resultados xa cuantificables das soltas de *Torymus* efectuadas en anos anteriores, desde o BNG fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- En que situación está a autorización do Mapama a respecto das condicións a observar para a solta de *Torymus*?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Podemos cultivar, recoller... por nós mesmos este insecto?
- Que criterios se van seguir esta temporada para regular as soltas de Torymus?
- Que resultados dá o seguimento, se o hai, da evolución da praga e do torymus?
- Que tipo de información, onde e cando se está dando á poboación en xeral e ós propietarios de soutos en particular a respecto destas e outras medidas?

Santiago de Compostela, 06 de agosto do 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 06/08/2019 10:49:24**

**Xosé Luis Bará Torres na data 06/08/2019 10:49:34**

**María Montserrat Prado Cores na data 06/08/2019 10:49:46**

**Noa Presas Bergantiños na data 06/08/2019 10:49:55**

**Olalla Rodil Fernández na data 06/08/2019 10:50:04**

**Ana Pontón Mondelo na data 06/08/2019 10:50:17**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres e Ana Pontón Mondelo**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

O uso e abuso de produtos fitosanitarios na agrogandeiría nos últimos anos aumentou considerablemente. De feito o Estado español, no ano 2016, con case 80.000 Tm (fonte Eurostat), liderou o ranking europeo no uso destes produtos, e ten incrementado dende o ano 2011 en máis dun 6% as cantidades empregadas. Galiza non é un caso alleo a esta tendencia. Só en glifosato, por citar o produto que é actualidade polos seus efectos nocivos demostrados e prohibición de uso para o 2022, Galiza tería gastado no 2017 uns 10 millóns de euros.

Esta situación preocupa e podémola considerar de alerta dado o risco certo que este tipo de produtos teñen sobre a saúde.

A pesares de contar cun “Plan de Acción Nacional” para o uso sostible dos produtos fitosanitarios”, no que se marcan as directrices cara un bo uso e diminución destas sustancias; así coma que Galiza ten desenvolto as súas competencias nas inspeccións periódicas dos equipos de aplicación destes produtos, mediante o Decreto 60/2014, de 15 de maio, e de existir un Comité Fitosanitario Galego, a relaxación da Xunta de Galiza nesta cuestión é un feito. Problemáticas xa denunciadas nesta Cámara, coma o uso dos praguicidas sobre eucaliptais rociados en cultivos de Melide con





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Flufenoxuron, no 2012, e que a Consellería do Rural negaba enerxicamente a súa perigosidade, sendo posteriormente vetado pola UE; ou que continua avanzando a desaparición das abellas na Galiza, por mor do uso de moitas destas sustancias; intoxicacións en invernadoiros e cultivos en horta; pois poñen de manifesto a necesidade dun maior control e seguimento sobre cal é a situación real e que incidencia pode estar causando sobre a poboación, e medio ambiente en xeral.

De feito bótase en falta, mesmo no portal de transparencia da Xunta de Galiza, a actividade desenvolta polo Comité Fitosanitario Galego, órgano Colexiado que debe velar polo bo uso deste tipo de sustancias, planificar anualmente medidas de inspección, a seguridade, reducir impactos ambientais derivados do manexo destas sustancias nocivas. Descoñecemos da actividade desenvolta por este organismo e da que non se da publicidade.

Neste sentido sería de interese coñecer como dito organismo ten abordado o problema denunciado pola Fiscalía do Estado no que se solicitou aos gobernos de Galiza e León anular perto de 7.000 carnets de manipulación de produtos fitosanitarios obtidos fraudulentamente entre os anos 2015 e 2016. Ademais dende as centrais sindicais labregas denunciase que moitos destes cursos de formación de manexo foron ridículos, algúns deles obxecto de chistes e pullas que puxeron a proba a inventiva popular.

O problema está aí cruamente. Non vale a relaxación da Administración na súa responsabilidade de controlar o bo uso de herbicidas, insecticidas, funxicidas e demais sustancias químicas de carácter tóxico, de xeito reiterado, con escasa protección e cun manexo deficiente. Por exemplo, algúns destes produtos químicos, os órgano fosforados e carbamatos iniben a actividade da encima acetilcolinesterasa (ACHE) no tecido





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

nervioso e nos hematíes de carácter permanente no caso dos órgano fosforados e reversible no grupo dos carbamatos.

Todas aquelas persoas que profesionalmente, ou non, están expostas a un uso cotiá destas substancias, deben dispor de tódalas garantías por parte da Administración, e dos seus órganos de control, para vixiar e detectar posibles exposicións a niveis de residuos perigosos, a un correcto asesoramento e formación, e informa dos riscos e afeccións a enfermidades crónicas a resultas destes usos e manexos. A aplicación destes produtos ten maior incidencia cando se trata de traballadores de empresas adicadas a labores por conta allea ou en prácticas agrícolas a cuberto en invernadoiros.

Creemos pois necesario que desde a Administración pública, e en particular dende o Comité Fitosanitario Galego, se faga un primeiro estudo entre a poboación de risco, continuado no tempo, establecendo as analíticas nos períodos de aplicación e nos de descanso para contrastar.

A actividade agrogandeira ten en si enfermidades de risco nunca consideradas coma tales.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Cal foi a actividade mantida nos últimos cinco anos polo Comité Fitosaniario Galego dende a súa constitución no ano 2014?

- Cales foron as actuacións dispostas pola administración galega ante o fraude dos cursos de formación de manipulación de fitosaniarios e cal é a situación actual desa problemática?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Manexa o goberno da Xunta algún tipo de estatísticas, fonte de datos, analíticas... que poidan dar luz sobre a incidencia que ten na saúde dos traballadores da agricultura e da gandaría o uso de praguicidas e demais produtos químicos?

- Ten pensado facer algo ó respecto?

- Fai na actualidade algún tipo de control sobre os cultivos susceptibles do seu uso?

Santiago de Compostela, 06 de agosto do 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 06/08/2019 11:04:00**

**Xosé Luis Bará Torres na data 06/08/2019 11:04:08**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 06/08/2019 11:04:15**

**Noa Presas Bergantiños na data 06/08/2019 11:04:24**

**Olalla Rodil Fernández na data 06/08/2019 11:04:33**

**Ana Pontón Mondelo na data 06/08/2019 11:04:43**



## Á Mesa do Parlamento

**María Julia Rodríguez Barreira, Paula Prado del Río, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Jose Manuel Rey Varela, Alberto Pazos Couñago, Beatriz Mato Otero e Diego Calvo Pouso** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A Xunta de Galicia vén demostrando nos últimos anos un claro compromiso co noso sistema xudicial, e mesmo nos anos en que a recesión económica reduciu de forma moi apreciable os recursos da nosa comunidade, os orzamentos neste eido, foron manténdose ou mesmo incrementándose cada ano.

Ese compromiso vense apreciando no impulso á modernización tecnolóxica que nos últimos anos se está producindo na actividade cotiá dos xulgados galegos.

A implantación de novas tecnoloxías e solucións informáticas, como as que permiten centralizar a información xudicial, a implantación da firma dixital, ou as comunicacións telemáticas entre os operadores xudiciais, dan conta, entre outras moitas innovacións, do avance cara a plena implantación do expediente xudicial electrónico e da importante transformación e modernización que se está a producir no noso sistema xudicial.

Entre eses elementos, destaca o visor do expediente xudicial, que permite o acceso á información dos expedientes xudiciais electrónicos, proporcionando unha maior axilidade e eficiencia, ademais de garantía de seguridade. O visor, amósase como unha ferramenta fundamental, que evita o traslado físico da documentación, na implantación do expediente xudicial electrónico.

En particular, no programa electoral co que o PPdeG obtivo a confianza maioritaria dos galegos o pasado setembro de 2016 esta aposta sobre as novas tecnoloxías na xustiza concretábase con compromisos específicos: “A posta en marcha do expediente xudicial electrónico, regulado na Lei 18/2011 do uso das TICs na Administración de xustiza, dixitalizando en consecuencia todo o proceso xudicial e permitindo a tramitación completa dun procedemento por medios telemáticos” e “o proceso de centralización da información xudicial”.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes Preguntas orais en Comisión:

**Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63**  
**15701 Santiago de Compostela**  
**T. 981 551 510 F. 981 551 422**  
**gp-pp@parlamentodegalicia.es**  
**www.ppdegalicia.com**



- Que avances ten efectuado a Xunta de Galicia en torno á posta en marcha do expediente xudicial electrónico e á centralización da información xudicial?

-En cantos xulgados está xa implantado o visor do expediente xudicial que permite a consulta interna dos expedientes contidos dixitalmente desde dispositivos electrónicos?

Santiago de Compostela, 6 de agosto de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 06/08/2019 11:02:15**

**Paula Prado Del Río na data 06/08/2019 11:02:29**

**Jacobo Moreira Ferro na data 06/08/2019 11:03:05**

**María Isabel Novo Fariña na data 06/08/2019 11:03:20**

**José Manuel Rey Varela na data 06/08/2019 11:03:29**

**Alberto Pazos Couñago na data 06/08/2019 11:04:09**

**Beatriz Mato Otero na data 06/08/2019 11:04:21**

**Diego Calvo Pouso na data 06/08/2019 11:04:39**



## Á Mesa do Parlamento

**Marián García Míguez, Paula Prado del Río, Encarnación Amigo Díaz, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral e Miguel Tellado Filgueira** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Contra o que adoita afirmar a oposición, que acusa ao goberno de “propaganda” en cada un dos proxectos lexislativos que trae a este Parlamento, a actividade lexislativa da Xunta ten sido especialmente prolífica e certa na anterior lexislatura.

De feito, a pasada lexislatura foi a segunda da historia de Galicia na que máis leis se teñen aprobado (55), mais isto veu acompañado dun esforzo considerable de racionalización e integración normativa, pois por vez primeira vez o número de leis vixentes ao final da lexislatura foi inferior ao existente ao seu comezo. Aprobáronse tamén as primeiras Directrices de Técnica Normativa de Galicia, para unificar os criterios de redacción de toda a lexislación galega.

As prioridades temáticas da acción lexislativa da Xunta de Galicia nestes catro anos teñen sido, fundamentalmente, tres: a reactivación económica, a mellora do benestar social e a racionalización en todos os sentidos, tanto no territorial como no de estruturas administrativas ou servizos públicos.

Outra prioridade, neste caso xa dende o punto de vista técnico e de autogoberno foi a substitución e modernización de textos con máis de 20 anos de antigüidade. Reduciuse nunha vintena o número de leis con máis de 25 anos de antigüidade que se manteñen vixentes en Galicia. Hoxe temos, en consecuencia, un mapa normativo fondamente renovado.

Pero para dispoñer dun ordenamento xurídico completo, claro e operativo son claves tres aspectos: poucas leis pero modernas e ben desenvolvidas e concretadas.

En consecuencia, dende o Grupo Parlamentario Popular queremos cuestionar á Xunta de Galicia sobre a efectividade real das normas aprobadas na pasada lexislatura.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

**Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63**  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)





-Que resultados ten dado ata o de agora a aplicación da Lei 12/2016, do 22 xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero?

Santiago de Compostela, 6 de agosto de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 06/08/2019 11:09:01**

**Paula Prado Del Río na data 06/08/2019 11:09:12**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 06/08/2019 11:09:35**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 06/08/2019 11:09:59**

**Marta Rodriguez Arias na data 06/08/2019 11:10:14**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 06/08/2019 11:10:29**

**María Soraya Salorio Porral na data 06/08/2019 11:10:44**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 06/08/2019 11:10:56**



## Á Mesa do Parlamento Á Mesa do Parlamento

**María Julia Rodríguez Barreira, Paula Prado del Rio, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Beatriz Mato Otero, Alberto Pazos Couñago, José Manuel Rey Varela, e Diego Calvo Pouso** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A Xunta de Galicia ven demostrando nos últimos anos un claro compromiso co noso sistema xudicial, mesmo nos anos en que a recesión económica reduciu de forma moi apreciable os recursos da nosa comunidade.

Ese compromiso vense reflectindo nos orzamentos, que nos últimos anos, inda que moderadamente, se foron incrementando neste eido.

As melloras tecnolóxicas e a aposta por novas infraestruturas xudiciais como as que se teñen executado nas cidades de Santiago, Ourense e A Coruña, e as que se están executando en Pontevedra, Vigo e Tui, dan conta dun claro compromiso coa modernización do noso sistema xudicial.

Porén, dende o Grupo Popular somos conscientes da importancia de complementar estas grandes obras coas pertinentes melloras no resto de edificios xudiciais da nosa Comunidade. Neste sentido, no programa electoral co que este grupo obtivo a confianza maioritaria da cidadanía galega en setembro de 2016, recolleemos o compromiso expreso de “continuar coas obras de adaptación e mellora dos máis de 50 edificios xudiciais da nosa Comunidade, priorizando en función das súas necesidades”.

Somos coñecedores de que, en cumprimento dese compromiso, son moitas as actuacións que se están acometendo neses edificios; non só para a súa conservación e mantemento ordinario, senón actuacións de mellora e adaptación, para optimizalos dende o punto de vista funcional, enerxético, etc. en definitiva, actuacións que garantan que os edificios xudiciais sirvan en todo momento, de forma óptima, os fins que lle son propios.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta oral en Comisión:

-Que obras de adaptación e mellora dos edificios xudiciais da nosa Comunidade ten efectuado a Xunta de Galicia no que vai de lexislatura?



Santiago de Compostela, 6 agosto de 2.019.

**Asinado dixitalmente por:**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 06/08/2019 11:05:51**

**Paula Prado Del Río na data 06/08/2019 11:06:02**

**Jacobo Moreira Ferro na data 06/08/2019 11:06:20**

**María Isabel Novo Fariña na data 06/08/2019 11:06:56**

**José Manuel Rey Varela na data 06/08/2019 11:07:06**

**Alberto Pazos Couñago na data 06/08/2019 11:07:19**

**Beatriz Mato Otero na data 06/08/2019 11:07:39**

**Diego Calvo Pouso na data 06/08/2019 11:07:56**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>**, sobre o traspaso de competencias en materia de saúde penitenciaria.

Na anterior lexislatura, concretamente no pleno do 6 de maio de 2015, foi aprobada por unanimidade, a Proposición Non de Lei Doc. núm. 32617(09/PNP-002391) co seguinte enunciado:

*“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a instar ao Goberno do Estado a traspasar as competencias en materia de saúde penitenciaria á Xunta de Galicia para a súa asunción polo SERGAS en conformidade co establecido na Disposición Adicional sexta da Lei de Cohesión do Sistema Nacional de Saúde do 2003”*

Sen embargo, pese a tratarse dunha iniciativa que goza do respaldo unánime do Parlamento e de instar ao cumprimento dunha Disposición establecida nunha norma con rango de Lei, que tutela un Dereito de gran importancia como é a saúde das persoas privadas de liberdade, a Xunta de Galicia en nada informou a este Parlamento sobre os trámites ou xestións realizadas para dar cumprimento a dita proposición.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:





- Cales son as xestións que realizou a Xunta de Galicia para dar cumprimento á Proposición de Lei aprobada sobre o traspaso de competencias en materia de saúde penitenciaria?

Santiago de Compostela, 6 de agosto de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 06/08/2019 11:14:28**



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e José Manuel Pérez Seco**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Nestes días soubemos que os administradores concursais do estaleiro vigués “Vulcano” comunicaron ao Xulgado do Mercantil que leva o procedemento a súa intención de abrir un ERE extintivo para case todo o cadro de persoal da empresa (en concreto, para 69 traballadores).

O Goberno galego e toda a Administración autonómica debería dar unha resposta ante esta situación, impedindo que finalizase a relación contractual cos traballadores e apostando pola aparición dun posible inversor.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que pensa o Goberno galego con relación á situación actual de “Vulcano”, en Vigo?
2. Que ten feito ata o de agora e que vai facer o Goberno a partires deste momento para manter a actividade industrial do estaleiro e os postos de traballo?
3. Ten algunha noticia o Goberno da existencia dun futuro inversor?

Pazo do Parlamento, 06 de agosto de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
José Manuel Pérez Seco  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia





**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 06/08/2019 11:10:52**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/08/2019 11:11:02**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 06/08/2019 11:11:16**



## Á Mesa do Parlamento

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noela Blanco Rodríguez e José Manuel Pérez Seco**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

No mes de abril dende o Grupo Parlamentario Socialista coñecemos a través do Comité de Unitono Ourense, que a empresa podía estar comezando un proceso de deslocalización do servizo de atención ao cliente a Cataluña e a Colombia, motivos polos cales xa convocou paros e mobilizacións para frear o que podería ser un duro varapau para máis de 130 familias.

A situación dos últimos meses, e tras a apertura por parte da empresa dun centro en Cataluña onde atenden as mesmas chamadas que en Ourense, está a tentarse baleirar de traballo este centro para que as chamadas sexan atendidas dende Cataluña ou Colombia, co obxectivo de abaratar custos e destruír emprego.

Este tipo de situacións véñense repetindo estes últimos anos no sector do telemarketing, sufrindo as traballadoras a presión da deslocalización dos servizos a países con salarios máis baixos, o que provocou centos de despedimentos en moitas compañías (en Galicia, por exemplo, en Atento ou Extel), ademais a situación de precariedade laboral que se vive no conxunto da sociedade, é aproveitada por estas empresas para ofrecer menos garantías laborais ao seu persoal.

O 30 de abril os socialista formulamos unha pregunta urxente no Pleno do Parlamento de Galicia, no que o Goberno galego se comprometeu a manter os contactos precisos coa empresa Naturgy para evitar a deslocalización desta empresa.

Recentemente tivemos coñecemento de que Naturgy decidiu non contar con Teleperformance, comercializadora regulada de Naturgy na Coruña, aínda que alegan estar moi satisfeitos co servizo.

Teleperformance contaba o ano pasado con máis de 100 persoas das que hoxe non queda practicamente ninguén, sendo o obxectivo a deslocalización dunha parte dos servizos que presta esta empresa na Coruña cara Colombia, sendo unha mostra máis da falla de compromiso de Naturgy co territorio. Teleperformance A





Coruña mantén hoxe outros 150 postos de traballo para outra empresa do grupo Naturgy, Unión Fenosa Distribución, que están preocupadas polo seu futuro.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Púxose en contacto a Xunta de Galicia con Naturgy, para interesarse polas intencións da empresa de deslocalizar o seu servizo de comercializadora regulada de Naturgy na Coruña ?
2. En caso afirmativo, adquiriu Naturgy algún tipo de compromiso de mantemento desta actividade?
3. Adquiriu Naturgy algún compromiso de seguir contando cos 150 empregos actuais para Unión Fenosa Distribución?
4. Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar a deslocalización destes servizos así como a perda de postos de traballo que a falla de compromiso co territorio da empresa Naturgy está a provocar na nosa comunidade?
5. Ten previsto a Xunta de Galicia poñer en marcha durante a X lexislatura, un plan concreto para o sector do telemarketing, para garantir o mantemento dos postos de traballo na nosa comunidade autónoma?

Pazo do Parlamento, 06 de agosto de 2019

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Noela Blanco Rodríguez  
José Manuel Pérez Seco

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/08/2019 11:14:11**





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/08/2019 11:16:26  
Nº Rexistro: 53467  
Data envío: 06/08/2019 11:16:26.046

**Noela Blanco Rodríguez na data 06/08/2019 11:14:25**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 06/08/2019 11:14:35**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>**

A psicoloxía clínica é un servizo totalmente abandonado polo SERGAS. Dende a década dos 90 na que comezou a incorporarse á rede pública, nunca foi suficientemente atendida e dotada dos medios suficientes para levar a cabo un servizo de calidade, deixando en mans do sobreesforzo das psicólogas e psicólogos a prestación sanitaria nesta materia.

As e os profesionais da psicoloxía clínica levan anos reclamando o que consideran demandas ás que se debe atender con urxente necesidade. A contratación de máis persoal despois de que na última década unicamente foran convocadas 3 prazas, un número totalmente insuficiente, principalmente se temos en conta o aumento de enfermidades que precisan de atención psicolóxica e que na actualidade están a abordarse a través da farmacoloxía, tal e como ten recoñecido o Goberno.

Dende que chegou o PP de Feijoo ao Goberno foi mudando os compromisos ano tras ano, mesmo modificando os nomes dos concellos onde se ían construír os centros nun baile de nomes intolerable, sobre todo para aqueles concellos nos que fixeron o esforzo de adquirir os terreos para cederllos á Xunta de Galicia co propósito de que esta cumprira co compromiso de construír estas novas infraestruturas. Un dos exemplos deste desleixo dos gobernos do PP é o centro de saúde de Ribadavia. A capital e a comarca do Ribeiro necesitan un novo centro de saúde para atender á poboación, tendo en conta os problemas estruturais que presenta o agora existente con 30 anos de antigüidade, aos que hai que engadir a súa localización a beiras do Avia, nunha zona inundable e con exceso de humidade. Entre estas, destácase a falta de accesibilidade para persoas en cadeira de rodas nos baños, problemas no illamento térmico e carpintería, pingueiras, humidades e tramos rotos no pavimento, que mesmo chegaron a causar accidentes aos pacientes. Unha equipa de inspección do Sergas comprobou in situ o pasado mes de xaneiro o estado das instalacións.

A iniciativa de construír un centro de saúde noutra zona de Ribadavia partiu no ano 2007 do equipo de goberno socialista do Concello, e en setembro de 2008 producíase a cesión á Xunta de Galicia dunha parcela no Campo da Feira adquirida a particulares cun gasto aproximado de 30.000 euros. Ao mes seguinte, a Consellería de Sanidade licitaba a redacción do proxecto, ascendendo o



investimento calculado polos técnicos a 2.890.000 euros, para un edificio de dúas plantas e un total de 2.500 metros cadrados útiles. Aprobouse ademais por parte do Concello de Ribadavia unha modificación puntual da superficie, que antes era rústica e agora é dotacional, e como tal se contempla no futuro Plan xeral de ordenación.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto o Goberno da Xunta de Galicia construír durante a X legislatura, un novo centro de saúde en Ribadavia?
2. De ser así, cando se iniciarán esas obras? E cando prevé o Goberno que podería estar en funcionamento o novo centro?
3. A que se debe o retraso na construción do mesmo, tendo en conta que o Concello de Ribadavia cedeu os terreos á Xunta de Galicia no ano 2008?
4. Que orzamento ten previsto dedicar o Goberno durante o ano 2019 á construción deste centro de saúde?
5. Cales son as conclusións do informe elaborado polo Sergas trala inspección levada a cabo no centro de saúde de Ribadavia o pasado mes de xaneiro?
6. Mentres non se constrúe este novo centro de saúde, cando ten previsto a Xunta de Galicia corrixir as deficiencias detectadas no actual centro?
7. En que van consistir ditas actuacións?

Pazo do Parlamento, 09 de agosto de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 12/08/2019 09:54:38**

**Julio Torrado Quintela na data 12/08/2019 09:54:48**





## Á Mesa do Parlamento

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e José Manuel Pérez Seco**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

R Cable foi fundada en 1998 e comezaría a súa actividade en 1999, despois de gañar un concurso público para instalar en Galicia os servizos de cable. A empresa comezou como unha aposta común da varias empresas galegas, entre as que se atopaba o Banco Pastor, Caixanova ou Unión Fenosa. A finais do ano 2000 R Cable tiña aproximadamente uns 1.000 clientes e a súa presentación era a de un "operador global de telecomunicacións por cable de Galicia", tendo a súa base de operacións na Coruña.

Despois de 25 cambios no accionariado na empresa, en 2015 produciuse a compra definitiva de R Cable por parte de Euskaltel, por 1.190 millóns de euros e o 100 % da compañía, consagrándose como a principal empresa de telecomunicacións do norte de España. Euskaltel no momento da compra anunciou que daría continuidade á marca galega, ás súas estruturas locais e aos seus equipos profesionais; pero a realidade é que dende ese momento iniciouse unha progresiva deslocalización dos empregos da antiga R Cable cara a Asturias e ó País Vasco, fundamentalmente dos seus servizos de mantemento.

Estes servizos de mantemento están na actualidade subcontratados a empresas que operan en Galicia, como Comfica, Colabora, Indra ou Plexus, nos que ata agora se viña subrogando ao persoal que se ocupa deste labor, que nalgúns o fai dende hai 20 anos. Recentemente, Euskaltel acordou entregar á empresa chinesa ZTE os ditos servizos de mantemento da rede, que serán realizados dende o centro de traballo que a empresa chinesa acaba de abrir en Asturias, sen subrogación das persoas traballadoras, polo que se pon en risco varios centos de empregos en Galicia, principalmente na Coruña e comarcas próximas, como pon de manifesto o despedimento de 20 traballadores e traballadoras de Comfica e que no resto das empresas como Indra, Plexus o Colabora poderían seguir os mesmos pasos.

Calcúlase que na actualidade traballan máis de 1200 persoas para R- Cable na Coruña, entre empregos directos e indirectos. Na empresa matriz véñense producindo un goteo de despedimentos e externalizacións cara a empresa china



ZTE, polo que as persoas que traballan nestas compañías iniciaron unha serie de mobilizacións (concentración ante as sedes centrais de R na Coruña no Polígono de A Grela e no Obelisco así como dúas xornadas de folga, os días 24 e 31 de xullo) que ante a falla de avances van continuar e intensificar.

As recentes declaracións do conselleiro delegado de Euskaltel, José Miguel García, nas que aseguraba que a compañía continuará no actual camiño de "reestruturación", non dan moita esperanza a que esta senda mude. Segundo denuncia o Comité de empresa (UGT e CCOO) o impacto destas medidas de "reestruturación" podería afectar a uns 500 postos de traballo, que poden chegar a máis posto que o servizo de atención ao cliente (contac center e labores administrativas) vai ser licitado, e na actualidade prestan servizos unhas 500 persoas.

A unificación de servizos para as tres empresas do Grupo Euskaltel (R, Telecable en Asturias, e a propia Euskaltel) poñen en risco postos de traballo que antes eran unha oportunidade de crecemento.

Ata agora R Cable aparece como un dos mellores provedores de servizos de comunicacións en todos os rankings debido á calidade do servizo que se está a prestar, compensando as perdas xeradas por outras empresas do grupo; ademais R Cable ten recibido numerosas subvencións para o despregamento de fibra óptica.

Á vista destes datos, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten coñecemento a Xunta de Galicia destes feitos?
2. Que valoración fai a Xunta de Galicia desta situación?
3. Púxose en contacto a Xunta de Galicia con R Cable para interesarse polas intencións da empresa de deslocalizar o seu servizo de mantemento?
4. En caso afirmativo, adquiriu R Cable algún tipo de compromiso?
5. Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar a deslocalización destes servizos así como a perda de postos de traballo?

Pazo do Parlamento, 09 de agosto de 2019

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
José Manuel Pérez Seco





Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/08/2019 10:07:42**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 12/08/2019 10:07:57**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez e Luís Villares Naveira**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 1ª**.

A Mesa Intersindical de Bombeiros de Galicia denunciou a creación dunha “figura inédita e innecesaria” ata agora no Consorcio Provincial de Bombeiros. Trátase do posto de vicexerente que foi dado a dedo ao entón alcalde de Laza, alá polo ano 2015.

O candidato non tivo que superar ningún proceso selectivo. Convén saber, que a persoa que encarna dito cargo, ata aquela era xerente dos Consorcios de Verín e a Limia, e que no seu día foi nomeado como persoal eventual de confianza e asesoramento especial e que segundo parece, obtén a condición de persoal indefinido por sentenza (non firme) dun Tribunal do Social.

Esta designación “dixital” contravén a xurisprudencia do Tribunal Supremo que esixe que unha praza de tales características sexa cuberta atendendo ós principios de igualdade, capacidade e mérito consagrados no ordenamento xurídico. Tal extremo era coñecido pola Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Ourense dende o momento en que en xaneiro de 2015 un bombeiro de Verín presentou alegacións aos estatutos do Consorcio.

É a partir deste momento cando se produce unha denuncia no ámbito laboral por parte do xerente comarcal de Verín e a Limia, alcalde de Laza, que remata cunha sentenza na que se obriga á readmisión ou indemnización de quen, recordemos, foi nomeado a dedo.

Contra toda lóxica tanto Xunta de Galicia como Deputación Provincial de Ourense, acordaron a readmisión do denunciante creando a primeira vicexerencia que se coñece en todos os Consorcios de Bombeiros de España. Trátase dun posto que non ten definida



ningunha función nos estatutos pero que si ten definido un salario bruto por enriba dos 45.000€/ano, a maiores de gastos en vehículos oficiais ou dietas.

Despois de non saír reelixido como alcalde do Concello de Laza en Maio do ano 2019, esta persoa, pediu incorporarse como director técnico deste ente, nunha praza que foi creada para el, sendo así o novo director técnico do Consorcio provincial de Bombeiros de Ourense.

Pero os problemas neste organismo provincial ourensán veñen de lonxe. No 2003, cando se constitúe o Consorcio de Bombeiros de Verín, nomearon ao actual exalcalde de Laza como xerente por libre designación. Cando se monta o parque de Xinzo pasa a ser xerente dos dous parques nun proceso de contratación por obra e servizo, sen oposición. Finalmente, cando se fusionan todos os consorcios comarcais para facer o Consorcio Provincial de Bombeiros de Ourense a praza de xerente correspóndelle ao xerente do consorcio de Valdeorras, que a ten por oposición.

O posto de vicexerente, que é o que suscitou a polémica, corresponderíalle a José Ramón Barreal, que exercía de xerente dos parques de Xinzo e Verín. Accedeu a este posto como persoal eventual pero foi cesado polo consorcio comarcal. Barreal recorreu á vía xudicial e unha sentenza de xuño de 2015 deulle a razón, polo que foi reincorporado como persoal laboral indefinido nun proceso que os sindicatos aseguraron que fora “pactado”.

Ante a denuncia sindical, e dado que o seu perfil era incompatible co posto de vicexerente, créase o de Director Técnico.

Debemos lembrar que se trata dunha praza totalmente absurda, que non fai falla para nada nun consorcio tan pequeno e cuberta por unha persoa que carece de titulacións. Durante o tempo que el estivo en excedencia ninguén cubriu esa praza, outra proba máis de que non é necesario para nada unha persoa nese posto.



Tras o seu reingreso, diversas fontes apuntan que a praza de Barreal como director técnico non estaba recollida na relación de postos de traballo para este ano e, polo tanto, non había asignación económica para a mesma. Actualmente, na relación de postos de traballo do consorcio figura un xerente, Celso Conde Charanga, que é funcionario e obtivo a súa praza como persoal laboral directivo con carácter fixo mediante un proceso selectivo convocado no seu momento polo propio parque de bombeiros de Valdeorras.

Polo exposto anteriormente, os deputados que subscriben, formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en comisión.

Existen actualmente argumentos técnicos e económicos que poida avalar o mantemento desta praza?

Santiago de Compostela, 9 de agosto de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Deputados do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 12/08/2019 10:19:37**

**Luis Villares Naveira na data 12/08/2019 10:19:43**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, , Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na comisión 5ª**.

Durante o ano 2018 a Xunta de Galiza anunciou repetidamente aos medios de comunicación e á sociedade en xeral a futura ampliación dos servizos ofrecidos en Radioloxía de forma que o CHUO contaría con dúas resonancias funcionando, en declaracións do propio Conselleiro “funcionando a pleno rendemento”.

Presuntamente, dita ampliación concretábase en dous aspectos. Dunha banda, na incorporación dun segundo equipo de Resonancia Magnética Nuclear, máis moderno e que reduciría a derivación a outros centros ao permitir, por exemplo, estudos bilaterais de mama. Doutra, na readaptación dos espazos de forma que se ampliaría e melloraría o espazo dispoñíbel até o momento para duplicar capacidades.

No mes de maio de 2018 anunciaron que estas obras estarían rematadas, e ambos os dous equipos de resonancia en activo, en setembro. Posteriormente, en agosto de 2018 referiron os prazos para “outubro ou novembro” e tamén posteriormente para “finais de ano”. Finalmente, o segundo equipo de resonancia estivo operativo con meses de atraso a comezos do ano 2019. Porén, ano e medio despois dos primeiros anuncios, a realidade é que é absolutamente falso que no Complexo Hospitalario de Ourense, segundo puido saber este Grupo Parlamentario, estean a funcionar ambos os dous





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

equipos de resonancia. Neste momento só funciona o máis novo, pois as obras desenvolvidas non foron as adecuadas e comprometen a seguridade e eficiencia dos procesos.

Esta situación é inaceptable pois supón que o goberno galego estivo a mentir aos galegos e galegas, e debe dar explicacións do que semella un uso inadecuado dos recursos públicos. Cómpre avaliar cales son as razóns para que as obras non foran adecuadas e neste momento estea sen empregarse un recurso valioso como é o dun equipo de resonancia que aínda que antigo non é en absoluto obsoleto e pode e debe ser obxecto de actualización.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

Que responsabilidades vai asumir o goberno galego pola fraudulenta ampliación do servizo de resonancia magnética no Hospital de Ourense?

Cales son as razóns de que con data 12 de agosto de 2019 non estean ambas as dúas máquinas operativas?

Cal foi o custo final da presunta ampliación do servizo de radioloxía do CHUO?

En que momento comezou a funcionar de forma ordinaria o novo equipo? En que momento deixou de facelo o “antigo”?

Cando deron comezo as obras de acondicionamento dos espazos? Cando remataron? Avaliou ou supervisou estas obras algún cargo de responsabilidade do SERGAS? Foi avaliado este proceso do punto de vista da seguridade industrial? E do punto de vista da idoneidade do proceso sanitario?







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

En que momento se toma a decisión de que non funcione a máquina “antiga”?

Que previsión ten o goberno de galego de cumprir coa publicidade e propaganda que leva practicado desde maio de 2018 e dotar o CHUO dunha verdadeira ampliación que vaia alén da substitución dun equipo por outro máis moderno?

Santiago de Compostela, 12 de agosto do 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 12/08/2019 10:26:17**

**Xosé Luis Bará Torres na data 12/08/2019 10:26:28**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 12/08/2019 10:26:38**

**Olalla Rodil Fernández na data 12/08/2019 10:26:51**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 12/08/2019 10:26:59**

**Ana Pontón Mondelo na data 12/08/2019 10:27:09**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García, Marcos Cal Ogando e Julia Torregrosa Sañudo**, deputados e deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.<sup>a</sup>**

No Concello de Paradela estanse a construír dous parques eólicos, Serra das Penas e Paradela, con 21 e 6 aeroxeneradores respectivamente.

Unha vez máis o que é un único parque eólico cun único promotor, ENEL, tramítase de xeito fragmentado para dividir a potencia en 42 MW, Serra das Penas e 12 MW, Paradela, co fin de que sexa a Xunta de Galicia e non o Estado o que tramite o parque, ademais de non estudar os efectos sinérxicos acumulados a nivel paisaxístico e ambiental.

Como xa é norma no modelo eólico desenvolto pola Xunta de Galicia o proxecto ten pouca consideración cos impactos que terá a nivel ambiental, patrimonial e social.

Este proxecto presenta unha grande afección ao Camiño de Santiago ao seu paso polo concello de Paradela, pola grande afección paisaxística.

Pola ubicación dos aeroxeneradores afectará negativamente á vida das persoas pola proximidade de aeroxeneradores de máis de 140 metros ás casas.

Na zona atópanse dúas especies en situación vulnerable como son a Tartaraña cincenta (*Circus pygargus*) e a Gatafornela (*Circus cyaneus*).

Por último reseñar que a Xunta de Galicia solicita que a Ribeira Sacra sexa declarada Patrimonio da Humanidade mentres autoriza proxectos que prexudican claramente a súa candidatura.





E coma é norma tamén a declaración de utilidade pública é unha burla ante o feito de que unha empresa multinacional italiana farase de ouro á conta do noso territorio e do noso vento deixando para a zona os impactos e migallas económicas.

Por todo isto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1) Considera axeitada a declaración de utilidade pública e a prevalencia sobre o uso forestal aprobada polo Goberno galego?
- 2) Considera que o modelo no que multinacionais como ENEL desenvolven os proxectos eólicos sen ter en conta a vontade e as necesidades da poboación local é o máis axeitado para o desenvolvemento de zonas rurais como a do concello de Paradela?

Santiago de Compostela, 12 de agosto de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Julia Torregrosa Sañudo

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**





**Antón Sánchez García na data 12/08/2019 10:27:21**

**Marcos Cal Ogando na data 12/08/2019 10:27:38**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 12/08/2019 10:27:55**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do dispostos no artigo 156 do Regulamento da Cámaras, presenta as seguintes **preguntas para a súa resposta oral na comisión 5ª**.

O verán é unha época que sempre pon en evidencia a falta de recursos no Sergas, especialmente na Atención Primaria, unha situación que principalmente é consecuencia dos recortes e a mala planificación.

A falta de persoal, impide substituír as baixas e vacacións, dar unha cobertura idónea ou garantir unha atención correcta nas urxencias médicas dos Puntos de Atención Continuada.

Carencias, que teñen como consecuencia que as doentes deba esperar na maioría dos centros de saúde máis dunha semana para ser atendidas, ou os servizos de urxencias contén só cun equipo que debe atender dentro e fora dos centros, situación que pon en risco a saúde das doentes.

A falta de planificación, a precariedade imposta polo deterioro das condicións laborais ou as prexubilacións forzosas que se iniciaron sen ningún sentido, forman parte dunha política de desmantelamento do público que non pon ningún interese nunha asistencia sanitaria de calidade no primeiro nivel asistencial do Servizo Galego de Saúde.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea PREGUNTA:

- Canto tempo pensa a Xunta de Galicia seguir mantendo esta situación?





- Teñen pensado mudar a política de contratación do SERGAS, para garantir condicións laborais dignas eliminando a precariedade actual?
- Van a incrementar o persoal nos Puntos de Atención Continuada para evitar que queden desatendidos os centros de saúde cando teñan que saír a cubrir unha urxencia?
- Cales son as liñas de actuación política que se van a levar a cabo para a cobertura de baixas e vacacións na Atención Primaria?

Santiago de Compostela, a 1 de agosto de 2019

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G. P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 01/08/2019 12:07:00**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.<sup>a</sup>**

Este mes de agosto de 2019, a Confederación Intersindical Galega (CIG) denuncia que a Xunta utilizou contratacións a dedo para cubrir as vacacións do persoal laboral nas residencias de maiores.

Segundo a central sindical, “as listas de substitución do persoal que se acha de ferias están "esgotadas" desde o mes de xuño por falta de previsión e nula eficiencia administrativa" da Xunta.

A Consellería de Política Social, en lugar de facer chamamento ás oficinas de emprego para a selección das prazas de persoal vacantes por vacacións (art 7º do Vº Convenio Colectivo do Persoal Laboral da Xunta), segundo méritos e capacidade certificados e baremados obxectivamente pola puntuación establecida no Convenio de Persoal Laboral da Xunta (anexo III), teríanse efectuado contratos sen publicidade para cubrir as ausencias, sendo escollidas as persoas pola dirección do centro, “sen participación sindical nen órganos de selección tal e como establece o convenio”.

A central nacionalista deu conta deste asunto á Conselleira de Política Social, á que demanda que se depuren responsabilidades daqueles "empregados públicos" que "a sabendas da súa inxustiza" realizaron contratacións de persoal "dun xeito arbitrario, sen se ater aos principios de igualdade, mérito e capacidade".

Polo exposto, a deputada que subscribe, pertencente ao Grupo Parlamentario Mixto, pregunta á Xunta de Galicia:





- Vai depurar responsabilidades na Consellería de Política Social sobre estas contratacións arbitrarias nas residencias de maiores?
- Considera a Xunta grave o incumprimento do Vº Convenio Colectivo do Persoal Laboral da Xunta de Galicia?
- Cantas contratacións, en que centros e por que período se realizaron mediante este sistema arbitrario denunciado pola CIG este verán de 2019?

Santiago de Compostela, 12 de agosto de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao  
Deputada do G.P. Mixto

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 12/08/2019 11:13:30**



## Á Mesa do Parlamento

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, José Manuel Pérez Seco, Luís Manuel Álvarez Martínez, Concepción Burgo López e Patricia Otero Rodríguez,** deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Industria.**

En 2014 a Xunta de Galicia deu o primeiro paso para a creación do primeiro polo tecnolóxico e industrial de naves non tripuladas de España creando o Centro de Investigación Aerotransportada de Rozas, un Centro Mixto entre a Xunta, o Ministerio de Economía y Competitividad e o INTA, cun investimento de preto de 10 millóns de euros, que se dedicará en exclusiva á I+D+i para o uso civil de avións non tripulados e a súa certificación con esta finalidade.

Como segundo piar do proxecto, a Xunta de Galicia escolleu a Indra e Inaer como socios tecnolóxicos do polo de avións non tripulados e asinou un contrato con estas empresas por 115 millóns de euros, co compromiso de trasladar toda a súa activade de avións non tripulados a Galicia. No mesmo senso, a Xunta de Galicia asinou un convenio co Goberno central para a posta en marcha dun programa de Compra Pública Innovadora (CPI) de tecnoloxía do eido dos vehículos non tripulados, cun investimento de 24 millóns de euros. A escolla, segundo as verbas do Conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, das empresas Indra e Inaer debeuse a que “A súa oferta, analizada en conxunto, era a que comprometía maior desembolso e máis carga laboral, ademais de que garantía diversificación do produto, complementariedade na actividade, permanencia mínima ata 2026 e canais de comercialización” e cun impacto previsto sobre o territorio de creacións duns 600 empregos, entre directos e indirectos, e o compromiso de contratar coas empresas e os centros de investigación galegos.

O proxecto contempla unha fábrica de helicópteros non tripulados de Inaer, unha fábrica de avións non tripulados de Indra, un centro tecnolóxico, unha oficina de deseño e certificación, unha unidade de instrución e formación de pilotos, un centro de control de tráfico aéreo, un novo hangar, e unha incubadora de empresas.

As novas aparecidas nos xornais nestes días son altamente preocupantes: “*Las maniobras de Indra para "sanear" las cuentas del PP de Madrid acorralan a su*



*expresidente Javier Monzón*”; Anticorrupción sostiene que la empresa de tecnología y defensa que dirigió durante 13 años ayudó a "*aliviar las penalidades financieras*" del Partido Popular.

O nome do que fora presidente de Indra, Javier Monzón, aparece na lista que a Fiscalía Anticorrupción ten presentado ao Xuíz Manuel García Castellón para que os cite como investigados e, aínda que non aparece nos informes policiais, encabezaba o organigrama de Indra cando a empresa colaborou para "*aliviar as penalidades financeiras do partido tras as eleccións de 2011*".

Á vista destes datos, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoracións fai a Xunta de Galicia destes feitos?
2. Que medidas ten pensado adoitar a Xunta de Galicia para aclarar calquera dúbida sobre as actuacións da empresa Indra en Galicia?

Pazo do Parlamento, 12 de agosto de 2019

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
José Manuel Pérez Seco  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Concepción Burgo López  
Patricia Otero Rodríguez  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/08/2019 11:41:33**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 12/08/2019 11:41:48**





**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/08/2019 11:42:02**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 12/08/2019 11:42:12**

**Patricia Otero Rodríguez na data 12/08/2019 11:42:24**



## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A aplicación da *Lei 30/1981, do 7 de xullo, pola que se modifica a regulación do matrimonio no Código civil e se determina o procedemento para seguir nas causas de nulidade, separación e divorcio*, vén poñendo de manifesto a insuficiencia dos instrumentos procesuais que o ordenamento xurídico ofrece para a resolución dos conflitos derivados das rupturas familiares, sobre todo no que se refire a salvagarda do interese superior das e dos menores para manter relacións cos proxenitores non custodios e a súa familia, á marxe da ruptura.

Esta situación fixo que a Xunta de Galicia afrontase o financiamento, con cargo ao Programa de orientación e mediación familiar, dunha rede de puntos de encontro para garantir a existencia dun lugar apropiado que facilite a relación materno/paterno-filial, asegurando o benestar e a seguridade das menores e dos menores en familias en situacións de conflito.

Á súa vez, a *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*, establece no seu artigo 53 que o departamento competente en materia de igualdade garantirá a existencia de puntos de encontro familiar, como un servizo que facilita e preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situacións de crises, e que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas, dispoñendo ademais que as normas e os requisitos aos que terán que se axustar os puntos de encontro familiar se establecerán regulamentariamente.

O incremento nos derradeiros anos da demanda dos puntos de encontro familiar, transformounos nun recurso imprescindible para a nosa sociedade, a pesares do cal seguen sendo poucos (sete en toda a comunidade autónoma) e estando mal dotados.

Esta falta de medios e de persoal orixina a insuficiencia do recurso, e listas de espera que son inaceptables tanto para os nenos e nenas que teñen que percorrer longas distancias, o que implica graves prexuízos tanto para a súa actividade



escolar coma persoal pola carga emocional e o esgotamento acumulado; así como para quen ten concedido un réxime de visitas polo órgano xudicial, ou a Administración.

No ano 2013 a Xunta de Galicia decidiu trasladar o Punto de Encontro Familiar de Ourense, ás instalacións da Casa da Xuventude. As profesionais do eido do social, as organizacións feministas, e desde o PSdeG, levamos tempo denunciando a situación na que se atopa, insistindo en que non é o emprazamento axeitado dado que é un espazo que está excesivamente exposto, e que non protexe axeitadamente a confidencialidade necesaria para este tipo de servizo.

Recentemente, as organizacións feministas volveron denunciar a situación na que se atopa este servizo pola:

- Revitimización das vítimas de violencia machista ao tratar a intervención nestes casos como se se tratase simplemente de divorcios conflitivos, reproducindo e perpetuando estereotipos sobre estas mulleres e a violencia, e deixando aos meniños e meniñas en situacións de desamparo e risco.
- Negativa desde o servizo do Punto de Encontro Familiar a coordinarse con distintas profesionais dos servizos sociais, sanitarios e educativos, que atenden aos nenos e nenas e familias que acoden ao punto de encontro, saltándose os principios reitores da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e os principios xerais da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e obviando a obriga legal de garantir un tratamento integral da atención a mulleres que sofre violencia de xénero.

Por todo iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego do funcionamento do Punto de Encontro Familiar de Ourense?
2. Considera a Xunta de Galicia que a actual radicación deste espazo garante a confidencialidade necesaria para este tipo de servizo?
3. Ten realizado a Xunta de Galicia inspeccións recentes sobre o seu funcionamento?
4. En caso afirmativo, cal foi o resultado?



5. Estase levando a cabo no Punto de Encontro Familiar de Ourense unha axeitada coordinación con distintas profesionais dos servizos sociais, sanitarios e educativos?
6. Recibiu a Xunta de Galicia queixas sobre o funcionamento do PEF de Ourense?

Pazo do Parlamento, 12 de agosto de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
María Luisa Pierres López  
Julio Torrado Quintela  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 12/08/2019 12:18:40**

**María Luisa Pierres López na data 12/08/2019 12:18:49**

**Julio Torrado Quintela na data 12/08/2019 12:19:00**



## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Os cambios actuais nos novos perfís dos nenos e nenas do sistema de protección fan necesario seguir avanzando na consolidación das medidas de alternativa familiar para os menores do sistema de protección, así como no apoio ás familias como recurso activo do sistema de protección. Para iso é necesaria a atención integral das necesidades físicas, afectivas e emocionais dos nenos e nenas do sistema de protección galego, e poñer á súa disposición todos os recursos públicos que favorezan o seu desenvolvemento e autonomía, así como apoiar a todas aquelas familias galegas que, grazas á súa sensibilidade coa infancia, responsabilízanse do coidado destes nenos e nenas e ofrécenlles o seu fogar.

Toda a lexislación tanto a nivel estatal como a autonómica establece a primacía das medidas de alternativa familiar para todas aquelas persoas menores que se atopan en situación de desprotección. A nivel estatal, a actual *Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia*, establece que nas actuacións de protección dos menores deben primar as medidas familiares fronte ás residenciais, as estables fronte ás temporais, e as consensuadas fronte ás impostas. Igualmente establece no art. 21.3 que “co fin de favorecer que a vida do menor desenvólvese nunha contorna familiar, prevalecerá a medida de acollemento familiar sobre a de acollemento residencial para calquera menor, especialmente para menores de seis anos. Non se acordará o acollemento residencial para menores de tres anos salvo en supostos de imposibilidade, debidamente acreditada, de adoptar nese momento a medida de acollemento familiar ou cando esta medida non conveña ao interese superior do menor. Esta limitación para acordar o acollemento residencial aplicarase tamén aos menores de seis anos no prazo máis breve posible. En todo caso, e con carácter xeral, o acollemento residencial destes menores non terá unha duración superior a tres meses”. Así mesmo, o *Código Civil, no artigo 173 bis*, tras a modificación realizada pola mencionada lei, redefina as modalidades de acollemento familiar en función da súa duración e obxectivos.

Na nosa comunidade, con arranxo ao disposto nos *artigos 15.1 e 16.2 da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia*, e en aplicación dos principios





reitores da actuación dos poderes públicos no exercicio das funcións de atención e protección á infancia e a adolescencia, para a adopción da medida de acollemento especifícase que se dará prioridade á utilización do acollemento familiar sobre o residencial.

O acollemento a menores en Galicia por familias que non gardan relación co menor é actualmente o 45 % do total dos diferentes tipos de acollemento.

Un ou unha menor nun residencial custa á administración 1300 € a 1800 € ao mes use ou non o servizo. Hai menores de 0-6 anos nestes residenciais, habendo lista de espera de familias acolledoras.

A política social da Xunta non é favorecer o acollemento familiar senón dotar de máis centros residenciais, a pesares de que o custo sexa 8 veces superior ao dunha familia e as consecuencias para o neno e a nena desastrosas.

Algunhas familias ademais están tendo problemas en relación ao dereito de maternidade, paternidade e lactancia cando se teñen que facer cargo de acollementos de urxencia, pois atópanse coa imposibilidade de ter acceso á concesión de ditos permisos, causando graves prexuízos tanto para as familias acolledoras como para os propios menores.

Cabe destacar nestes últimos anos, o incremento dos coñecidos tecnicamente como MENA, que son aqueles nenos, nenas e adolescentes, menores de 18 anos, de orixe estranxeira, que se atopan separados dos seus pais e nais, e que tampouco están baixo o coidado de ningún outro adulto, unha circunstancia que os sitúa automaticamente nunha situación de desamparo e de risco. En España está maioritariamente asociado a menores procedentes dos países do Magreb e, fundamentalmente, de Marrocos e Alxeria, aínda que tamén de Europa do Leste, do África Subsahariana, de Siria... Entre os motivos que levan a estes menores a saír sós dos seus países de orixe atopamos a pobreza, situacións de desestruturación familiar e desprotección institucional, falla de oportunidades, a guerra ou a violencia, catástrofes naturais e persecución e situacións de violación xeneralizada dos dereitos humanos. Aínda que non é un fenómeno fácil de cuantificar, os datos da memoria da Fiscalía de 2016, correspondente ao exercicio de 2015, apuntaban á presenza de 3.660 menores de orixe estranxeira non acompañados en España, e baixo a tutela das comunidades autónomas que son as responsables da atención nos seus respectivos territorios e, cando se constata que un menor atópase en situación de desamparo, correspóndelles a tutela do mesmo así como as medidas de protección necesarias para o seu garda.



En outubro de 2018 por primeira vez un Ministerio con competencias sobre a infancia concedía unha subvención para a atención aos menores estranxeiros non acompañados. O Goberno socialista de España puxo en marcha esta medida a través da aprobación dun real decreto para financiar con 40 millóns de euros ás comunidades autónomas, Ceuta e Melilla polo incremento do número de menores estranxeiros non acompañados acollidos no ano 2018. Desta axuda que se destina a sufragar a atención e acollida dos menores, así como, no seu caso, o seu traslado entre comunidades autónomas, Galicia recibiu do Goberno de España un total de 426.063,4 euros.

Dado o incremento do número de chegadas de menores nos últimos meses e respondendo a razóns de interese público, social e humanitario, o Goberno articulou estas axudas para colaborar no esforzo que realizan as comunidades autónomas, Ceuta e Melilla. Con iso, o Goberno activou medidas de axuda económica e impulsou a atención solidaria dos menores entre comunidades autónomas ao obxecto de garantir as mellores condicións de atención.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do número de menores estranxeiros non acompañados acollidos na nosa Comunidade Autónoma?
2. Cal é o obxectivo do Goberno galego para esta X lexislatura?
3. Que valoración fai a Xunta de Galicia das axudas que o Goberno de España destinou ás comunidades autónomas para a atención aos menores estranxeiros non acompañados?
4. Cales son as medidas postas en marcha pola Xunta de Galicia para reforzar a integración familiar para os e as menores que se atopan no sistema de protección en acollemento residencial?
5. Ten pensado o Goberno galego incrementar a remuneración ás familias de acollida?
6. De que programas e recursos dispón o Goberno destinados ao apoio e orientación de quen, estando en acollemento, alcance a maioría de idade e quede fóra do sistema de protección, con especial atención aos e ás que presentan discapacidade?



7. Ten previsto a Xunta de Galicia equiparar os permisos de maternidade, paternidade e lactancia, para as familias de acollemento segundo as circunstancias que a situación das mesmas o requira?

Pazo do Parlamento, 12 de agosto de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 12/08/2019 12:20:23**

**Julio Torrado Quintela na data 12/08/2019 12:20:33**



## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, María del Carmen Rodríguez Dacosta, María Luisa Pierres López e Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O pasado 14 de marzo de 2019, varios medios de comunicación da provincia de Ourense, publicaban unha información referida ao anuncio da Xunta de Galicia da súa intención de rehabilitar inmobles no concello de Ribadavia a través da inclusión deste concello no plan Rexurbe, unha iniciativa da Xunta de Galicia que ten como obxectivo a recuperación de cascos histórico de diferentes vilas e cidades galegas.

Dito anuncio produciuse despois de que ese mesmo día mantiveran unha reunión o voceiro do Grupo municipal do PP e candidato á alcaldía de Ribadavia nas vindeiras eleccións locais, e a Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Unha vez máis como ben sendo habitual nos pasados anos, o PP volve a empregar a Administración autonómica de xeito partidista a escasos meses das eleccións municipais, anunciando inversións e actuacións con pouca base real e que non contan con dotación orzamentaria, facendo unha vergoñenta identificación da Administración autonómica co PP.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Te previsto a Xunta de Galicia rehabilitar inmobles no concello de Ribadavia a través do programa Rexurbe?
2. En caso afirmativo, cando ten previsto que se realizasen estas actuacións?
3. Con que dotación orzamentaria vai contar a posta en marcha deste programa?
4. Reuniuse a Xunta de Galicia co alcalde de Ribadavia para anunciarlle a posta en marcha deste programa?
5. En caso de non ter tratado este tema co alcalde de Ribadavia, cales foron os motivos?
6. Asinou a Xunta de Galicia algún convenio de colaboración co concello de



- Ribadavia para a posta en marcha nesta vila do Plan Rexurbe?
7. Ten previsto a Xunta de Galicia seguir facendo anuncios electoralistas ás portas das eleccións municipais?

Pazo do Parlamento, 12 de agosto de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
María del Carmen Rodríguez Dacosta  
María Luisa Pierres López  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 12/08/2019 12:21:29**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/08/2019 12:21:40**

**María Luisa Pierres López na data 12/08/2019 12:21:49**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/08/2019 12:22:01**



## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, María del Carmen Rodríguez Dacosta, José Manuel Pérez Seco e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O Concello de Boborás (Ourense), atópase o conxunto histórico Pazos de Arenteiro, que conta dende o ano 1973 coa declaración de Ben de Interese Turístico Cultural.

Paralelamente ás obras que promoveu o Concello, recorrendo a unha escola taller e a fondos europeos, a Xunta de Galicia tamén procedía a recuperar a través dun proxecto dirixido por César Portela, a antiga casa reitoral de Pazos de Arenteiro asumindo e financiando integramente a súa rehabilitación e creando na mesma un establecemento de turismo rural. Adxudicouse a xestión á única empresa que se presentou ao concurso convocado, Viñedos do Miño. As instalacións nunca estiveron abertas ao público con normalidade, nin o están. Denunciouse en numerosas ocasións a falta de atención, o uso particular das instalacións e a frecuente negativa a aloxar aos posibles clientes (alegando que está todo ocupado). A pesar destas circunstancias, non se actuou respecto.

O 05 de marzo de 2018 o Grupo Parlamentario Socialista rexistraba no Parlamento de Galicia preguntas ao Goberno para coñecer a situación administrativa na que se atopa a antiga casa reitoral de Pazos de Arenteiro. A resposta do Goberno galego, que tivo entrada no rexistro do Parlamento o 12 de abril de 2018, era a seguinte:

*“Dende o 6.10.2005 a entidade Viñedos del Miño, S.L., xestionou, mediante concesión, a Casa Reitoral de Pazos de Arenteiro en Boborás (Ourense) para uso hoteleiro, tras a tramitación do expediente para a adxudicación mediante concurso e por procedemento aberto. O contrato establece unha duración de doce anos a contar desde a entrega formal do inmovible, salvo resolución do mesmo, e entenderase prorrogado de xeito automático por períodos de tres anos, ata o límite de vinte e cinco anos, se non houbera algún requirimento previo de 6 meses por algunha das partes. O 1 de marzo de 2017 notificouse á concesionaria o requirimento previo, cunha antelación de seis meses, á entidade concesionaria Viñedos del Miño SL, aos efectos de non prorrogar o contrato de xestión,*



*mediante concesión, da Casa Reitoral de Pazos de Arenteiro en Boborás(Ourense). A concesión rematou o 6 de outubro de 2017.Na recepción do inmovible, polo persoal técnico da Axencia indicáronse unhas reparacións que lle correspondían á concesionaria por tratarse de defectos imputables á súa conservación e mantemento, o que se levou a cabo pola concesionaria.*

*A día de hoxe, xa rematadas as actuacións que a concesionaria asumiu realizar, o concello de Boborás manifestou a súa vontade de facerse cargo do inmovible, posto que isto permite un maior control da futura concesión. A Axencia Turismo de Galicia está a tramitar a realización do correspondente expediente de concesión demanial, ao abeiro do disposto na Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio de Galicia”*

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Durante canto tempo estivo a antiga casa reitoral de Pazos de Arenteiro (Boborás), funcionando como un establecemento de turismo rural?
2. Tramitou a Axencia Turismo de Galicia o expediente de concesión demanial ao Concello de Boborás da antiga casa reitoral de Pazos de Arenteiro?
3. En que data se realizou?
4. En caso de que non se realizara, a que se debe este retraso?
5. Ten información a Xunta de Galicia a respecto de si o Concello de Boborás ten previsto licitar en próximas datas, a concesión deste inmovible?
6. Cal foi o orzamento que a anterior concesionaria, Viñedos del Miño S.L, dedicou ás reparacións efectuadas por falla de mantemento e conservación da antiga casa reitoral de Pazos de Arenteiro?
7. Considera a Xunta de Galicia que dito inmovible está na actualidade en perfectas condicións para albergar un establecemento de turismo rural?

Pazo do Parlamento, 12 de agosto de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
María del Carmen Rodríguez Dacosta  
José Manuel Pérez Seco  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 12/08/2019 12:24:15**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/08/2019 12:24:26**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 12/08/2019 12:24:40**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/08/2019 12:24:54**





## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

**Noela Blanco Rodríguez, María del Carmen Rodríguez Dacosta, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Unha das máis graves problemáticas en mobilidade de Ourense segue a ser despois de moitos anos o déficit de prazas de aparcamento. O desenvolvemento de novas infraestruturas nas últimas décadas, deu lugar a novas necesidades de aparcamento que incrementaron máis se cabe a carencia que a diario sofren os condutores na cidade.

Un dos proxectos globais que tiñan por obxectivo dar solución a esta problemática era o “Plan sectorial de aparcamentos disuasorios” da Xunta de Galicia, paralizado dende o ano 2013, e ao que o Concello de Ourense, daquelas gobernado polo PSdeG, tiña presentado e aprobado en Pleno as súas alegacións de mellora para o noso termo municipal.

Neste proxecto recollíanse 6 propostas de situación de aparcamentos disuasorios en Ourense: acceso centro, acceso norte da cidade, estación de ADIF, entorno do Recinto Feiral de Expourense, campus universitario das Lagoas e zona do barrio do Couto.

Mentres este plan segue sen novidades de execución 5 anos despois, os puntos negros de aparcamento en Ourense seguen a masificarse no entorno máis urbano, de xeito máis relevante no centro da cidade, e facendo especial fincapé nos que se atopan nos contornos de centros educativos, no horario de entrada e saída dos mesmos, onde o colapso leva a que haxa escenas diarias de dobres e ata triplo filas de coches, que poñen en risco a seguridade dos peóns e a propia circulación dos vehículos. A saturación da zona centro fai que moitas veces os veciños e veciñas así coma os e as visitantes busquen por proximidade aparcamento noutros barrios coma o de San Francisco ou incluso A Ponte, cuxas prazas de aparcamento resultan tamén claramente insuficientes para tan elevado número de persoas usuarias. A insuficiencia pode observarse de xeito máis claro no entorno do complexo hospitalario, ou das estacións de ferrocarril tanto de Empalme como de San Francisco. Do mesmo xeito, que o novo espazo aberto no Campus





das Lagoas non chega para abarcar a chegada de estudantes, usuarios/as ou clientes de negocios, da piscina ou da biblioteca.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que a Xunta de Galicia non executou ata o de agora o “Plan sectorial de aparcamentos disuasorios” aprobado no ano 2013, no que se contemplaban alternativas de aparcamento para a cidade de Ourense?
2. Ten previsto manter as seis propostas de situación de aparcamentos disuasorios en Ourense que se contemplan no “Plan sectorial de aparcamentos disuasorios” aprobado no ano 2013?
3. Vai o Goberno galego a executalo durante a X lexislatura?
4. Que valoración fai a Xunta de Galicia a respecto do número de prazas de aparcamento existentes na actualidade na cidade de Ourense?
5. Considera o Goberno galego que é preciso incrementar o número de prazas de aparcamento dispoñibles en Ourense?

Pazo do Parlamento, 12 de agosto de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

María del Carmen Rodríguez Dacosta

Luís Manuel Álvarez Martínez

María Luisa Pierres López

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 12/08/2019 16:29:33**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/08/2019 16:29:45**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/08/2019 16:29:54**

**María Luisa Pierres López na data 12/08/2019 16:30:03**



## Á Mesa do Parlamento

**Luís Manuel Álvarez Martínez e Concepción Burgo López**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura**.

O programa Edulingüe iniciado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para dar un impulso adicional ao ensino das linguas estranxeiras, cun horizonte que remata no ano 2020, ten como obxectivos que a mocidade poida rematar os seus estudos tendo un dominio completo dunha primeira lingua estranxeira, seguir adaptando as aulas galegas aos retos presentes e vindeiros, que necesariamente pasan pola destreza dunha lingua inglesa e, por último, favorecer a empregabilidade dos mozos e das mozas e, así mesmo, promover unha maior competitividade no sector empresarial.

A propia Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras 2020 prevé que a ensinanza plurilingüe se amplíe á formación profesional, creando 90 centros plurilingües en FP, e plurilingüismo en Ensinanzas Artísticas e Deportivas.

Dentro deste programa, creouse para o curso 2017/2018 o programa Estrela PluriFP, que regula a implantación e desenvolvemento dos denominados ciclos formativos plurilingües, aplicable aos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, sendo a resposta dos centros escasa nas tres convocatorias que se levan publicado, incluíndo a correspondente ao curso 2019/2020.

Así, no curso 2017/18 foron autorizados como plurilingües 12 ciclos formativos en 7 centros distintos, no curso 2018/19 foron autorizados 35 ciclos formativos en 21 centros e para o curso 2019/20 hai provisionalmente 44 ciclos formativos en 23 centros.

Chaman poderosamente a atención os seguintes feitos:

1. Na resolución de autorización correspondente ao curso 2017/18 (o primeiro autorizado) figuran os módulos dos para os que se autoriza a súa impartición en cada un dos ciclos formativos; esa información desaparece tanto na autorización definitiva para o curso 2018/2019 como na provisional para a 2019/2020.



2. Dos 35 ciclos formativos autorizados no curso 2018/19, tres non volven a estar autorizados provisionalmente para o curso 2019/20.
3. Dos 44 ciclos formativos que se autorizan provisionalmente para o curso 2019/20, só 17 son novos ou dito doutra forma, hai 27 que xa estaban autorizados no curso 2018/19.
4. O nivel de implicación dos centros, tanto públicos como privados (concertados ou non) é moi escaso, xa que só o 8,71% dos centros solicitan a súa participación (23 de 264 para o curso 2019/20), logo de tres anos de vixencia deste plan.
5. O obxectivo de acadar os 90 centros no curso 2020/21 semella inalcanzable, toda vez que a un curso de dito horizonte tense acadado a participación de 23, ou sexa a cuarta parte.

Atopámonos, en definitiva e unha vez máis, ante un evidente fracaso dun programa da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional como xa ben denunciando ao longo desta lexislatura este grupo parlamentario.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Porque non se publica a denominación dos módulos que se imparten en lingua estranxeira nos ciclos formativos autorizados como plurilingües?
2. A que atribúe a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a escasa resposta dos centros que imparten ciclos formativos ás sucesivas convocatorias do programa Estrela PluriFP?
3. Ten previsto o establecemento de medidas excepcionais tendentes a incrementar a participación dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia no programa Estrela PluriFP?
4. Ten avaliado, dalgunha maneira, a repercusión da participación do alumnado neste programa? De ser así, que conclusións se obtiveron?
5. Mantén a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional o obxectivo de acadar 90 centros plurilingües en formación profesional para o curso 2020?

Pazo do Parlamento, 13 de agosto de 2019

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez  
Concepción Burgo López





Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/08/2019 10:25:13**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 13/08/2019 10:25:21**



## Á Mesa do Parlamento

**Luís Manuel Álvarez Martínez e Concepción Burgo López**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura**.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional implantou para o curso 2017/18 o programa de innovación educativa denominado *Introdución á robótica educativa en primaria* que podía ser implementado como materia de libre configuración de centro, dentro doutras materias de xeito transversal, mediante programas de innovación da propia consellería ou mediante obradoiros que se debían desenvolver fóra do horario lectivo.

Nesta primeira convocatoria prevíase a selección dun máximo de 120 centros resultando seleccionados 112 o que se pode considerar unha boa resposta, pese a que a resolución foi publicada o 12 de xuño de 2017, dando de prazo ata o 29 de setembro para que os centros presentasen a súa petición de participación.

Con respecto ao curso 2018/19 a convocatoria prevía a incorporación de 120 novos centros e consideraba prorrogada a participación dos 112 centros seleccionados no curso anterior. Pese a que resultaría previsible que un número de centros maior solicitasen a súa incorporación, o certo é que resultaron seleccionados só 50 novos centros; é dicir, quedaron vacantes practicamente o 60 % das prazas convocadas.

A convocatoria para o vindeiro curso prevese a incorporación de só 25 novos centros, feito que evidencia o abandono ao que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ten sometido a este programa.

Si analizamos os orzamentos desta consellería vemos que a Estratexia Galega para a Educación Dixital 2020 (Edudixital 2020) ten como un dos seus contidos o fomento das vocacións científico-tecnolóxicas mediante a introdución do uso transversal da programación e da robótica na ESO e no bacharelato, así como a paulatina incorporación da robótica nos últimos cursos de primaria, para o que os centros contarán con dotacións de recursos adecuados para o seu desenvolvemento.



En concreto, e para o ano 2019, figuran consignados 240.000 € en adquisicións de kits edudixital (idéntica cantidade que no ano 2018) sobre un total de 5.070.000€ no capítulo 6 do tan versátil programa 323B para a prevención do abandono escolar.

Por todo o exposto anteriormente, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten analizado a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional as razóns polas que, tras unha boa acollida inicial ao programa de innovación educativa denominado *Introdución á robótica educativa en primaria* os centros deixaron de solicitalo?
2. Entende a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que os centros non atoparon resposta ás expectativas que depositaron ao solicitar a súa participación no programa?
3. Cal é a razón pola que decidiu reducir case nun 80 % o número de centros que poden participar na convocatoria para o curso 2019/20 con respecto ao curso anterior?
4. Pensa adoptar algunha medida para corrixir esta tendencia?

Pazo do Parlamento, 13 de agosto de 2019

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez  
Concepción Burgo López  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/08/2019 10:28:23**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 13/08/2019 10:28:38**



## Á Mesa do Parlamento

**Paula Prado del Río, María Antón Vilasánchez, José Manuel Rey Varela, Jacobo Moreira Ferro, Beatriz Mato Otero, Alberto Pazos Couñago, Maribel Novo Fariña e Julia Rodríguez Barreira** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Os camiños a Santiago de Compostela son un sinal de identidade de Galicia, ademais de ser un símbolo relixioso, de solidariedade e de europeísmo, por iso a Xunta de Galicia ten unha serie de programas e actividades encamiñadas á súa atención e desenvolvemento sostible.

Entre eles destaca a atención dos camiños e peregrinos por parte dos voluntarios de protección civil. As Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil, sitas nos camiños a Santiago, adócense dende hai anos á atencións aos peregrinos, albergues, concentración de persoas, etc.

Foi no ano 2016 cando se asinou un convenio de colaboración coa Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Camiño Francés, a través do cal se lle asignaba unha axuda económica para os gastos de funcionamento e atención aos peregrinos. O convenio volveuse a asinar no 2018 e neste ano 2019 ampliouse ás Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil do Camiño Portugués.

Estas actividades de atención levadas a cabo por las Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil deron bos resultados, e así o poñen de manifesto tanto os peregrinos coma as entidades locais ás que pertencen as Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil.

Ademais, tense demostrado que as Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil xogan un papel fundamental na consolidación dunha imaxe segura dos camiños de Santiago. Polo tanto, é importante continuar traballando e ampliar os convenios aos demais camiños.



Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

-Vai a continuar o Goberno galego apoiando dalgún xeito esta labor de atención aos peregrinos das Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil?

Santiago de Compostela, 13 de agosto de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Prado Del Río na data 13/08/2019 10:17:00**

**María Antón Vilasánchez na data 13/08/2019 10:17:14**

**José Manuel Rey Varela na data 13/08/2019 10:17:37**

**Jacobo Moreira Ferro na data 13/08/2019 10:18:10**

**Beatriz Mato Otero na data 13/08/2019 10:18:19**

**Alberto Pazos Couñago na data 13/08/2019 10:18:36**

**María Isabel Novo Fariña na data 13/08/2019 10:19:09**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 13/08/2019 10:19:17**





## Á Mesa do Parlamento

**Sandra Vázquez Domínguez, Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Jacobo Moreira Ferro, Beatriz Mato Otero, Alberto Pazos Couñago, Maribel Novo Fariña e Julia Rodríguez Barreira** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Nos últimos anos as tecnoloxías da información e da comunicación cambiaron substancialmente o funcionamento da Administración pública e o modo no que esta se relaciona coa cidadanía, facilitando a comunicación, incrementando a súa eficacia e evitando os desprazamentos innecesarios.

En consonancia co anterior, a nova lexislación administrativa básica (Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas e Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público) senta as bases dun aparato administrativo que lle asegura ás persoas a posibilidade de relacionarse cos organismos públicos a través de medios electrónicos, poñendo á disposición dos interesados todas as canles de acceso que sexan precisas así como garantindo o dereito a recibir asistencia no seu uso por parte dos empregados públicos.

En desenvolvemento desta nova lexislación básica, así como dos plans de modernización da administración desenvolvidos pola Xunta nos últimos 10 anos, este Parlamento aprobou en xullo deste ano a Lei de administración dixital de Galicia (Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia), que vén de entrar en vixencia a partires deste verán e que consolida unha administración integramente dixital e universaliza o uso e acceso da cidadanía aos servizos dixitais.

Nesta nova Administración sen papel, baseada nun funcionamento integramente electrónico, a formación do persoal empregado público configúrase como esencial tanto pola complexidade técnica que implica este novo escenario como polas últimas modificacións normativas. Deste xeito, a programación de accións formativas cunha importante carga práctica resulta imprescindible para comprender e poder usar de xeito



eficaz todas as ferramentas creadas pola Xunta de Galicia para a posta en marcha da administración electrónica.

Por todo o anterior, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

-Cal é a formación impartida pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP) durante este ano para facilitar a transición a unha administración dixital a través de actividades de tipo práctico e colaborativo?

Santiago de Compostela, 13 de agosto de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Sandra Vázquez Dominguez na data 13/08/2019 09:53:21**

**Paula Prado Del Río na data 13/08/2019 09:53:40**

**José Manuel Rey Varela na data 13/08/2019 09:53:51**

**Jacobo Moreira Ferro na data 13/08/2019 09:54:36**

**Beatriz Mato Otero na data 13/08/2019 09:54:47**

**Alberto Pazos Couñago na data 13/08/2019 09:54:59**

**María Isabel Novo Fariña na data 13/08/2019 09:55:58**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 13/08/2019 09:56:04**



## Á Mesa do Parlamento

**Paula Prado del Río, Jose Manuel Rey Varela, Jacobo Moreira Ferro, Beatriz Mato Otero, Alberto Pazos Couñago, Maribel Novo Fariña e Julia Rodríguez Barreira** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**

A Unidade do Corpo Nacional de Policía Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (UPA) desenvolve unha activa colaboración con distintos departamentos da Xunta de Galicia, mantendo permanentes relacións de intercambio, formación e actualización en distintos ámbitos e competencias das diversas consellerías.

No que atinxe á protección de menores e familia, colabora activamente cos departamentos de menores da Consellería de Política Social. Polo que respecta á Consellería de Sanidade, no que ten que ver coa Saúde Pública, a colaboración realízase a través do Servizo de Prevención de Condutas Aditivas, dependente da Subdirección Xeral de Programas de fomento de Estilos de Vida Saudables.

Dende a entrada en vigor da Lei 11/2010, de 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, desde a Vicepresidencia facilítase información pública de xeito periódico sobre dispositivos policiais da Unidade de Policía Adscrita, en todo o territorio da Comunidade Autónoma, para velar polo cumprimento desta normativa e previr o consumo deste tipo de bebidas en menores de idade.

Nesa información recóllese tamén o control e inspección da venda e consumo de tabaco, de acordo coa Lei 28/2005, de 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, subministro, consumo e a publicidade dos produtos do tabaco.

Por esta razón, tendo en conta o interese e a especial sensibilidade sobre esta materia, desde o Grupo Parlamentario do Partido Popular fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



-Que actuacións está a desenvolver a Unidade de Policía Adscrita (UPA) en materia de control de cumprimento da normativa sobre consumo de bebidas alcohólicas, así como de venda e consumo de tabaco por menores de idade?

-Que resultados operativos, comparados por anualidades, pode presentar a UPA en relación coas actuacións nesta materia ?

-Que conclusións se poden establecer, tendo en conta os datos estatísticos que reflicta esta actividade policial?

Santiago de Compostela, 13 de agosto de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Prado Del Río na data 13/08/2019 10:47:32**

**José Manuel Rey Varela na data 13/08/2019 10:47:51**

**Jacobo Moreira Ferro na data 13/08/2019 10:48:15**

**Beatriz Mato Otero na data 13/08/2019 10:48:32**

**Alberto Pazos Couñago na data 13/08/2019 10:48:44**

**María Isabel Novo Fariña na data 13/08/2019 10:49:13**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 13/08/2019 10:49:35**



## Á Mesa do Parlamento

**Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Jose Manuel Rey Varela, Beatriz Mato Otero, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña e Julia Rodríguez Barreira** deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**

Os últimos dous Debates do Estado da Autonomía supuxeron a aprobación de dúas resolucións en materia de memoria histórica por parte do Parlamento de Galicia.

No ano 2017, o Pleno desta cámara declarou que "O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a consensuar coa Federación Galega de Municipios e Provincias, coa Igrexa católica e coa Administración xeral do Estado, un plan de eliminación dos elementos de exaltación do franquismo que subsisten en Galicia, conforme o establecido na Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor das persoas que padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura".

Pola súa banda, no ano 2018, este mesmo Pleno expresou outra vontade: "O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a consensuar e coordinar coa Federación Galega de Municipios e Provincias e coa Administración xeral do Estado as actuacións encamiñadas a facilitar ás familias de vítimas da guerra civil e da represión franquista a localización, exhumación e traslado, se procede, dos restos mortais dos seus familiares".

Ambas resolucións foron apoiadas a instancia do Grupo Popular e ningunha delas contou co apoio da totalidade dos grupos da oposición.

Paralelamente á aprobación da última resolución, a Dirección General de Memoria Histórica do Ministerio de Justicia comezou a reunir ás diferentes Comunidades Autónomas en distintos encontros, nos que participou a Xunta de Galicia, co obxecto de unificar criterios e obxectivos precisamente nos eidos abrangidos por ambas resolucións: a eliminación da simboloxía franquista e a exhumación das vítimas da guerra civil e da represión exercida pola ditadura.

Como resultado desas reunións, o Ministerio de Justicia tomou a decisión de elaborar un censo nacional de vítimas da guerra civil e da ditadura, abrindo un período de



consulta pública previa á súa elaboración que aínda rematou a finais de marzo de 2019, estando pendente aínda a exposición pública do texto resultante desta consulta.

Neste estado da coordinación cunha das administracións implicada no desenvolvemento dos acordos parlamentarios, a Xunta iniciou os contactos coa outra: a administración local, a través dunha xuntanza mantida en xullo de 2019 co presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

-Cales son as previsións da Xunta para dar cumprimento aos acordos sobre memoria histórica aprobados nos dous últimos Debates sobre o Estado da Autonomía?

Santiago de Compostela, 13 de agosto de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 13/08/2019 11:21:48**

**Paula Prado Del Río na data 13/08/2019 11:22:02**

**José Manuel Rey Varela na data 13/08/2019 11:22:17**

**Beatriz Mato Otero na data 13/08/2019 11:22:54**

**Jacobo Moreira Ferro na data 13/08/2019 11:23:13**

**María Isabel Novo Fariña na data 13/08/2019 11:23:31**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 13/08/2019 11:23:39**



## Á Mesa do Parlamento

**Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Jacobo Moreira Ferro, Beatriz Mato Otero, Alberto Pazos Couñago, Maribel Novo Fariña e Julia Rodríguez Barreira** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A Xunta de Galicia puxo en marcha o *Plan de Expurgo*, que é un proceso ambicioso e complexo que se está a levar a cabo para conseguir a desconxestión dos arquivos xudiciais e a modernización da oficina xudicial.

Para acadar estes obxectivos, a Xunta de Galicia está acometendo diversas actuacións para o tratamento da información dos arquivos xerais de diferentes sedes xudiciais que implican traballos de clasificación, ordenación, limpeza, etc., a fin de optimizar e adecuar os espazos destinados a arquivo.

O proxecto está en marcha en distintos órganos xudiciais do noso territorio, de xeito que a posta en marcha do plan de expurgo e a eliminación de documentación atrasada sen valor arquivístico, fagan posible a reorganización dos arquivos xudiciais e permitan, por tanto, unha mellor organización da documentación, e o aproveitamento dos espazos para optimizar o servizo público da Xustiza.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que vantaxes ten amosadas para a Administración de Xustiza en Galicia a ordenación dos arquivos?
2. Cal é o horizonte que prevé a Xunta de Galicia acadar coa actuación nos arquivos dos órganos xudiciais da nosa Comunidade?



Santiago de Compostela, 13 de agosto de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Prado Del Río na data 13/08/2019 11:12:53**

**José Manuel Rey Varela na data 13/08/2019 11:13:14**

**Jacobo Moreira Ferro na data 13/08/2019 11:13:30**

**Beatriz Mato Otero na data 13/08/2019 11:13:44**

**Alberto Pazos Couñago na data 13/08/2019 11:14:05**

**María Isabel Novo Fariña na data 13/08/2019 11:14:22**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 13/08/2019 11:14:34**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)





## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, María del Carmen Rodríguez Dacosta e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Coa publicación da *Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia*, regúlanse as condicións básicas de promoción da autonomía persoal e da atención ás persoas en situación de dependencia, mediante a creación dun Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD), coa colaboración e participación de todas as administracións públicas. A lei configura un dereito subxectivo que se fundamenta nos principios de universalidade, equidade e accesibilidade, desenvolvendo un modelo de atención integral ao cidadán, e establecendo un nivel mínimo garantido, un nivel acordado coas comunidades autónomas e un nivel propio que poderán establecer as ditas comunidades.

Galicia, en virtude da competencia exclusiva que en materia de asistencia social lle atribúe o artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía, aprobou a *Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia*, que ten por obxecto estruturar e regular, os servizos sociais en Galicia. A citada lei establece non seu artigo 3, como un dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais, garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia integrando, no seu artigo 4, como un dos principios xerais dos servizos sociais, os de autonomía persoal e a vida independente.

Neste contexto, e mediante o *Decreto 195/2007, do 13 de setembro*, regulouse o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia.

Este foi o marco no que se estableceu o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal, o 065, un transporte público que ata o ano 2014 garantiu a universalidade e gratuidade dos desprazamentos programados (non urxentes) das persoas en situación de dependencia, discapacidade ou con problemas de mobilidade.

Baseado na política de retallos en materia de servizos públicos emprendida polo Goberno do PP, no ano 2014 a daquela Consellería de Benestar publicou o *Decreto 99/2014, do 24 de xullo, polo que se regula o Servizo Galego de Apoio á*



*Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia, polo cal se eliminaba a gratuidade e universalidade deste servizo, que supoñía que dito servizo deixaba de estar 100 % financiado pola Xunta de Galicia.*

A partir de entón, moitas entidades de iniciativa social incluíron o servizo de transporte para as persoas usuarias como un compoñente máis dos seus servizos, a través de contratos para a xestión de prazas públicas de centro de día, de recursos propios das entidades, de convenios de colaboración con outras asociacións que dispoñen deste servizo, ou recaendo parte do custe nos usuarios e usuarias deste servizo.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Catro anos despois de que se eliminase a gratuidade e universalidade do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal, que valoración fai a Xunta de Galicia das consecuencias que esta medida tivo para os usuarios e usuarias deste servizo?
2. Considera o Goberno galego que a aportación que realiza a administración autonómica é suficiente, considerando a media de custos actuais para as entidades que prestan este servizo?
3. Ten previsto a Xunta de Galicia incrementar esta aportación?
4. Valora o Goberno galego que durante a X lexislatura volva a Administración autonómica a asumir integramente o custo do servizo de transporte adaptado, devolvéndolle así o seu carácter gratuíto e universal?
5. En caso afirmativo, cando ten previsto levalo a cabo?

Pazo do Parlamento, 12 de agosto de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 13/08/2019 10:50:53**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/08/2019 10:51:02**

**Julio Torrado Quintela na data 13/08/2019 10:51:11**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, María del Carmen Rodríguez Dacosta e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

En agosto do 2017, o Goberno galego publicou, sen previo coñecemento por parte do eido sanitario, o anteproxecto de lei polo que se modificaba a *Lei 8/2008, do 10 de xullo de saúde de Galicia*. Este anteproxecto incluía unha serie de modificacións sobre a citada lei de moito calado, e con moita relevancia para o sistema sanitario galego, en termos de participación, de organización do mapa sanitario e os seus recursos, de formación, investigación e outras áreas.

A pesares das fortes críticas que dende todos os ámbitos se verteron ante os cambios propostos polo Goberno galego, finalmente a reforma da Lei de saúde aprobouse no Pleno do Parlamento de Galicia celebrado o pasado 20 de marzo, cos únicos votos a favor do PP. A reorganización do mapa sanitario de Galicia é unha das cuestións fundamentais que inclúe, pois reformula a ordenación contemplada ata entón cara un modelo máis concentrado e que perde atención ás comarcas e áreas sanitarias rurais e semiurbanas, ao retirar da lei as delimitacións sobre áreas sanitarias, e as especificacións sobre funcións, características e fundamentos da súa relevancia, creando unha nova división entre áreas, distritos e zonas que, quedan a expensas de ser determinadas “por decreto do Consello da Xunta”

Como consecuencia desta modificación do mapa sanitario, elimináronse as áreas sanitarias especialmente sinaladas, que eran as do Salnés, a Mariña Lucense, Monforte e Valdeorras, abrindo a porta á perda de servizos nestas áreas comarcais en favor das concentracións de servizos nos centros hospitalarios das grandes urbes. Esta concentración, que xa foi iniciada coa implantación das Estruturas Organizativas de Xestión Integrada, foi sinalada xa dende entón como un erro por parte da meirande parte dos e das profesionais do sistema sanitario, e constatada polos usuarios e usuarias coa perda progresiva de servizos nos hospitais comarcais. Dende o Grupo Parlamentario Socialista alertamos xa entón de que a perda da condición de área sanitaria nas zonas referidas anteriormente afondaría na rebaixa de servizos, na dependencia do persoal dos grandes hospitais, e na constatación dura e imposta dun modelo de hospitais de segunda que se converterían en grandes ambulatorios, mais que non terían a capacidade sanitaria



que precisan.

No caso do Hospital de Valdeorras, o déficit de especialistas agudízase cada vez máis, prexudicando non soamente aos propios profesionais, cansos xa de asumir responsabilidades que non lles competen debido á precariedade da escaseza de recursos que teñen ao seu dispor, senón tamén aos propios usuarios e usuarias que cada vez con máis asiduidade teñen que acudir ao CHUOU (a máis dunha hora e media circulando en vehículo particular pola sinuosa N-120), ou mesmo aos centros hospitalarios de Vigo (a máis de dúas horas e media do Barco de Valdeorras), a realizar tratamentos ou probas que antes se realizaban no Hospital Comarcal de Valdeorras. Recentemente dende o Grupo Socialista, tiñamos coñecemento de que neste centro non se están a cubrir todas as gardas de traumatoloxía, un piar básico nun centro hospitalario que atende a unha poboación cunha elevada idade media, chegando incluso un facultativo de urxencias a denunciar fallos na organización e coordinación durante o mes de decembro, con situacións que xeraban risco para a saúde dos usuarios e usuarias.

Este non é un feito puntual, senón que se está convertendo na tónica xeral do funcionamento deste hospital: peche temporal da hospitalización a domicilio pola precariedade no número de especialistas de medicina interna, déficit de médicos de apoio no traslado de pacientes graves, gardas aleatorias e non continuadas noutras especialidades (como é o caso de hematoloxía), déficit de cirurxiáns adscritos ao servizo de rehabilitación, insuficiencia de pediatras... Unha situación que denota non soamente descoordinación, senón que a eliminación da área sanitaria de Valdeorras e a recentralización nunha única área provincial, xunto coa insuficiencia de orzamento, diminuíu a calidade da asistencia sanitaria que se está a prestar aos valdeorreses e valdeorresas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera a Xunta de Galicia que a eliminación da área sanitaria de Valdeorras contribuíu a mellorar a calidade da asistencia sanitaria que se presta no Hospital Comarcal de Valdeorras?
2. Cre o Goberno galego que foi esta unha decisión acertada?
3. Que valoración fai a Xunta de Galicia do actual funcionamento deste hospital?
4. Estanse a cubrir as gardas de todas as especialidades no Hospital Comarcal de Valdeorras?



5. En caso de que non se estean cubrindo, cales son os motivos?
6. Funciona de maneira constante e continuada no tempo o servizo de hospitalización a domicilio?

Pazo do Parlamento, 13 de agosto de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
María del Carmen Rodríguez Dacosta  
Julio Torrado Quintela  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 13/08/2019 11:32:06**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/08/2019 11:32:16**

**Julio Torrado Quintela na data 13/08/2019 11:32:25**



## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, María del Carmen Rodríguez Dacosta e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O envellecemento poboacional constitúe unha realidade e singular característica para Galicia, que irá en aumento nos próximos anos, sen que teña para moitas das persoas maiores unha axeitada resposta por parte dos poderes públicos e en concreto por parte da Comunidade Autónoma, competente en materia de servicios sociais que inclúe ás políticas de familia, benestar social, inclusión social, servicios comunitarios, atención ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores.

O Plan de traballo do Consello de Contas para o ano 2016, aprobado polo Pleno do Consello o 4 de decembro de 2015, contemplaba a realización dun informe sobre o gasto público autonómico en centros residenciais para persoas maiores e persoas con discapacidade. En xullo do 2018 coñecemos dito documento, que arroxa preocupantes datos sobre a situación da atención aos maiores na nosa comunidade autónoma.

O informe sinala nas súas conclusións que a ratio de prazas residenciais en Galicia é inferior á media estatal, e sitúase moi por debaixo do recomendado pola OMS, producíndose ademais nestes últimos anos un maior incremento das prazas privadas (na actualidade o 65 por cento do total das prazas ofertadas), en detrimento das xestionadas directamente pola administración autonómica.

Ademais, o prazo medio ou de trámite do procedemento para o recoñecemento do dereito a unha praza residencial no exercicio 2015 foi de 453 días, moi superior dos 6 meses que marca a lexislación, e o tempo medio de espera ata conseguir o ingreso no centro residencial, de 154 días, case o dobre do estipulado pola normativa aplicable.

O informe chama a atención tamén sobre as graves deficiencias na xestión dos centros residenciais, en especial daqueles cuxa xestión está privatizada, referidos a incumprimentos en materia de persoal, fundamentalmente do cociente do persoal de atención directa e a non diferenciación de funcións por categorías profesionais ; uso inadecuado das instalacións; deficiencias nos protocolos de



funcionamento; falta de rigor dos rexistros... A pesares de que estes son factores que repercuten na calidade no servizo que se presta aos residentes, nos casos nos que as irregularidades observadas non se corrixiron posteriormente a ser notificadas, a Xunta de Galicia non iniciou expedientes sancionadores.

A residencia de maiores de Trives, xestionada pola Mancomunidade das Terras do Navea- Bibei (que leva anos sen reunirse), ten unha capacidade aproximada de 60 prazas, para atender a unha comarca cuxas proxeccións poboacionais do IGE sinalan que a finais da próxima década a idade media da poboación superará os 60 anos.

Nestes últimos meses acumúlanse queixas de usuarios e usuarias e das súas familias ademais de polo deficiente estado en que se atopan as súas instalacións, pola escaseza de profesionais. A estas denuncias hai que sumar a realizada recentemente por un médico do PAC de Trives, quen advertiu da falla de persoal cando nunha visita para atender a un paciente comprobou que o persoal que existe para atender a 60 persoas se reduce a unha auxiliar de clínica e a unha axudante da auxiliar, encargadas de levantar, asear, dar de comer a moitos usuarios e usuarias con mobilidade reducida, así como de darlles á medicación que teñen que preparar e repartir elas sen ningún tipo de apoio de persoal de enfermaría. Incumprindo claramente, coa complicidade da Xunta de Galicia, as condicións e requisitos específicos establecidos para os centros de atención, regulados na Orde do 18 de abril de 1996, de desenvolvemento do *Decreto 243/1995, de 28 de xullo*, derogado polo *Decreto 254/2011, de 23 de decembro*. Esta orde foi modificada posteriormente pola *Orde do 13 de abril de 2007 e pola do 20 de xullo de 2010*, que regulan as condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores. En canto aos requisitos de persoal, establécese nesta normativa vixente, que a ratio mínima de persoal de atención directa en réxime de xornada completa será de 0,20 por residente con autonomía, e de 0,35 por residente dependente. Para garantir a vixilancia e o coidado da saúde dos residentes por persoal cualificado para esta función, a norma establece que aqueles centros que teñan máis de 40 prazas, ademais da presenza localizada do persoal médico, deberán contar coa presenza física de ATS ou DUE ás 24 horas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego do funcionamento e estado no que se atopa a residencia de maiores de Trives (Ourense)?



2. Ten detectado a Xunta de Galicia deficiencias no funcionamento deste centro nos últimos anos?
3. En caso afirmativo, realizou a Xunta de Galicia algún apercibimento e/ou sanción á Mancomunidade das Terras do Navea- Bibei polas deficiencias detectadas pola Inspección de Servizos na residencia de maiores de Trives?
4. Ante as queixas manifestadas polos usuarios e usuarias e as súas familias, así como polo persoal sanitario sobre o deficiente funcionamento e falla de mantemento da residencia de maiores de Trives, ten previsto a Xunta de Galicia levar a cabo nos vindeiros meses algunha inspección deste centro?
5. Cantas sancións impuxo a Xunta de Galicia, dende o ano 2010, por deficiencias na xestión dos centros residenciais?
6. A que centros corresponden ditas sancións?

Pazo do Parlamento, 13 de agosto de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
María del Carmen Rodríguez Dacosta  
Julio Torrado Quintela  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 13/08/2019 11:36:58**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/08/2019 11:37:06**

**Julio Torrado Quintela na data 13/08/2019 11:37:14**





## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, María del Carmen Rodríguez Dacosta e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

No PXOM do ano 2003 da cidade de Ourense clasifícase o ámbito AR43-O para equipamento público para expropiar os terreos, que aínda que debía non se cedeu ao Concello nos anos 70 como traseiras polas licencias de edificacións á Rúa Remedios.

O último goberno socialista no Concello de Ourense executou o previsto no PXOM do ano 2003 e procedeu a expropiar, segregando a parcela: cedendo á Consellería de Presidencia 4.000 metros cadrados para a construción do edificio xudicial, e ao Sergas outros 4.000 metros cadrados para a construción do centro de saúde do Couto.

O proxecto de reurbanización do entorno da AR43-O quedou rematado en febreiro de 2015 con todos os informes e pendente exclusivamente do informe de Confederación Hidrográfica, con partida orzamentaria asignada en 2015, que non chegou a executarse.

A instalación sanitaria, cuxas obras recibiu o Sergas en xuño de 2016, non poden abrir debido a que está pendente de executarse as obras de urbanización da contorna, e que son imprescindibles para que poida contar coa correspondente licenza de ocupación.

E aínda que por parte do Sergas se tentou proceder á apertura do centro no mes de setembro do ano 2016, tivo que dar marcha atrás ante a advertencia do goberno municipal de que non contaría coa licenza de ocupación, polo que a súa situación sería ilegal. Recentemente o TSXG ratificou que o centro de saúde de O Couto soamente poderá abrirse ao urbanizarse.

No momento de querer contratar a urbanización, houbo que recorrer a unha modificación de crédito que tardou en ser tramitada. A actuación que se está levando a cabo na contorna do centro de saúde require dun investimento que rolda o medio millón de euros (479.710 da obra e 17.908 do proxecto). Os traballos non comezaron ata xuño. Nunha visita ás obras realizada polo alcalde de



Ourense en agosto deste ano, anunciaba que a "celeridade das obras permitiría que todo estea finiquitado na segunda ou terceira semana de outubro", mais estamos en novembro, e o centro de saúde segue sen poder abrir as súas portas, ano e medio despois de rematarse as obras financiadas pola Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. A que se deberon os continuos retrasos na apertura do centro de saúde do Couto, situado en Ourense?
2. Por que tardaron en comezar as obras de urbanización máis dun ano dende o remate do centro de saúde do Couto?
3. Segundo os datos que ten o Goberno galego, cal é a previsión de remate das obras de urbanización da contorna do centro de saúde de O Couto?
4. Cal foi o custo económico en servizos de transporte, propaganda, e persoal do intento fallido da apertura deste centro de saúde en setembro do ano 2016?
5. Cando ten previsto a Xunta de Galicia poñer en marcha o centro de saúde situado no barrio do Couto de Ourense?
6. O espazo no que se sitúa este centro de saúde, disporá dunha zona de accesibilidade total para as persoas con algún tipo de discapacidade?
7. Contará o centro de saúde do Couto con prazas específicas de aparcadoiro para as persoas con discapacidade?
8. En caso afirmativo, cantas prazas específicas de aparcadoiro para as persoas con discapacidade haberá?

Pazo do Parlamento, 13 de agosto de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
María del Carmen Rodríguez Dacosta  
